

as pontes

A praia do lago logra, por cuarto ano consecutivo a Bandeira Azul. **Páx. 6**

castro de rei

O Concello saca a licitación as escolas deportivas municipais. **Páx. 14**

begonte

Saavedra prepárase para a Festa e a Romería dos Milagres. **Páx. 15**

meira

Convocada a IV edición da Baixada de Carrilanas para o 1 de xuño **Páx. 19**

xermade

As Xornadas Interxeracionais Rurais de Cabreiros chegan á XX edición. **Páx. 23**

Vilalba xa ten piscinas exteriores na Madalena



Rábade prepárase para o Entrepontes

Falamos con Fillos do Chaira, colectivo organizador desta peculiar cita festiva. **Páx. 20**

A Deputación aposta polos maiores

O Pleno acorda pedir á Xunta un plan de investimentos para a atención a estas persoas. **Páx. 25**

Romaxe Artesá



Muras presenta a nova edición, que terá lugar o día 25 de maio. **Páx. 9**

VI Friulio



O festa de recreación romana de Friol será os días 11 e 12. **Páx. 10**

Torta de Millo



O 2 de xuño terá lugar a festa que conmemora este doce. **Páx. 13**

Ascensos do Pol e do Pastoricense

O equipo polense pasa a Preferente mentres que o branco regresa o ano próximo a Primeira. **Páx. 30**

¿Lentillas progresivas?

Claro, Podes probalas.
Visión nítida en tódalas distancias.

Rúa Plácido Peña, 9, Bajo Vilalba
982 51 01 00
Av. Galicia, 91, As Pontes
981 451 504

Nº R.S. E-27-000011 / E-27-000012 - Nº R.S. E-13-000024 / E-13-001170

NOVALUX
óptica & centro auditivo



Convocados o concurso de microrrelatos e o Premio Agustín Fernández Paz

O Concello de Vilalba e Culturalia Gz organizan a sexta edición do concurso de microrrelatos. Poden concursar todas as persoas que o desexen. Os relatos deberán estar escritos en lingua galega, ser orixinais e inéditos. O tema é libre e deberá conter, polo menos unha vez, a palabra 'libro' no corpo do microrrelato. Cada participante poderá presentar un máximo dun microrrelato e as obras terán como máximo 100 palabras (título incluído).

Os microrrelatos enviaranse por correo electrónico ao seguinte enderezo do Concello de Vilalba: cultura@vilalba.es. O prazo para a presentación de textos estará aberto ata as 23:59 horas do 31 de maio. Establécense tres categorías: Infantil (ata 11 anos); Xuvenil (de 12 a 17 anos), e Adultos/as (a partir dos 18 anos).

Haberá premios para os tres mellores microrrelatos nas tres categorías. Na de adultos, 300, 200 e 100 euros; libros e material escolar na categoría Infantil, e un portátil e libros na Xuvenil.

AGUSTÍN FERNÁNDEZ PAZ. Coincidindo coa celebración do Día do Libro, o Ilescha, o Concello de Vilalba e Edicións Xerais de Galicia convocaron a VIII edición do Premio Agustín Fernández Paz de narrativa infantil e xuvenil pola igualdade. Como en edicións anteriores poderán participar todas as persoas que o desexen presentando narracións

inéditas en lingua galega, dirixidas ao público infantil e xuvenil e cunha temática unida ao compromiso pola igualdade de xénero, paz, nacionalidade, etc.

O premio está dotado con 3.000 euros e a publicación do orixinal por Edicións Xerais de Galicia cedendo ao gañador 30 exemplares do mesmo.

O prazo de presentación de orixinais, que xa está aberto, rematará o 12 de xullo, aproveitando o oitavo cabodano do autor homenaxeado. Será en outono, concretamente na última semana de outubro, cando se de a coñecer o gañador, escollido por un xurado formado por tres persoas de recoñecido prestixio cultural.

BENXAMÍN PAZ. O CEIP Antonio Insua Bermúdez vén de convocar co XXV edición do Certame Literario Benxamín Paz de narrativa, poesía e debuxo ao que está invitado a participar todo o alumnado de Educación Infantil e de Primaria pertencente a centros educativos do concello de Vilalba.

Establécense tres modalidades, poesía e narrativa para Educación Primaria, e debuxo, para Educación Infantil. Os traballos de poesía e narrativa, de temática libre, estarán escritos en lingua galega conforme á normativa vixente. Os textos deberán ser inéditos e totalmente orixinais. Os traballos serán dirixidos ao colexio antes do 24 de maio e contará con varios premios.

Remata a esperada construción das novas piscinas da Madalena

A alcaldesa de Vilalba, Marta Rouco, e o Concelleiro de Infraestruturas Urbanas, Luís Fernández, recibiron a obra de construción das novas piscinas exteriores da Madalena co que se dan por finalizadas as actuacións de levantamento e acondicionamento do mesmo.

Desta forma, o goberno local traballa xa na posta a punto das novas piscinas municipais co obxectivo de poder abrílas durante o comezo do verán e para que desta forma "todos e todas poidamos facer uso dunhas instalacións pensadas para o disfrute do tempo de ocio, do verán e do bo tempo" sinalou a rexedora, Marta Rouco.

Así pois, a obra final inclúe tres piscinas: unha infantil de 0,45 metros de profundidade, unha de natación para uso deportivo de 1,55 metros de profundidade máxima e outra recreativa cunha profundidade de 1,20 metros. No caso do vaso infantil, este conta ademais con surtidores de auga para potenciar e estimular os xogos nesa área.

Ademais, as instalacións tamén contan cun edificio de servizos que se atopa semisoterrado nunha das ladeiras do espazo e no cal se integran os vestiarios, os aseos, a sala de socorrismo, un almacén e unha zona para recepción.

Pola súa banda, na zona sur, a parte arborada servirá como límite natural e como espazo de descanso de pavimento vexetal con zonas de sol e sombra, complementando os espazos de solarium que se dispuxeron xunto ás piscinas.

DEPUTACIÓN NO RURAL. A Deputación de Lugo trasladou ao concello de Vilalba dous equipos de maquinaria do seu parque móbil para dar



comezo á rexeneración e acondicionamento de varias vías da capital chairrega.

A presenza de ditos equipos no concello, dedicados á apertura, acondicionamento e reposición puntual do firme de pistas e cunetas, foi acordada previamente nunha reunión entre a rexedora vilalbesa e o presidente da Deputación de Lugo. Sendo o principal obxectivo da alcaldesa, Marta Rouco, acadar importantes compromisos para mellorar o desenvolvemento das condicións de vida dos habitantes do rural vilalbés.

Nesta liña, o parque móbil da Deputación de Lugo comezou os seus labores desprazándose, por unha banda, ata a parroquia de Ladra, onde un equipo traballa na rexeneración do firme de varias pistas da contorna da igrexa. Un segundo equipo desprazouse á parroquia de Lanzós, onde xa está realizando a apertura de cunetas e a oportuna reposición da capa de rodadura da pista de te-

rra que une o barrio de Ferreira co marco das catro aldeas.

A alcaldía de Vilalba tamén logrou outros acordos coa Deputación de Lugo na reunión mantida co seu presidente, José Tomé. Concretamente, Marta Rouco acadou o compromiso de colaboración do ente provincial para que o Concello de Vilalba poida facer fronte ás subvencións nominativas das comisións de festas das parroquias, que este ano se darán tal e como se viña facendo sempre.

NOVA TRAVESÍA. Finalizou a rexeneración do firme dunha das travesías que une a rúa Mondoñedo coa avenida da Terra Chá, financiada a través do Plan Deputación. Unha vez levados a cabo os traballos de limpeza e acondicionamento da vía, a maquinaria procedeu ao asfaltado en quente do firme da rúa, quedando esta totalmente rexenerada e cunha nova capa de rodaxe. Nas vindeiras datas levarase a cabo a repavimentación da Rúa Conde Pallares, tamén incluída neste plan.

ebos
OBRADOIRO DOCE

Rúa Campo de Puente 65 baixo
VILALBA
T: 982 523 499 / 623 552 876
ebosobradoirodoce@gmail.com
Facebook: EBOS Obradoiro Doce

MOBELRIAS

MOBILIARIO PARA O TEU FOGAR
Especialistas en moble modular e agora tamén
DESEÑAMOS A TUA COCIÑA.

Avda. Terra Cha, 35-37 - Vilalba

PLAMOBLE

O Concello inviste 85.000 euros na estrada que une Belesar e Alba

O tenente de alcalde de Vilalba Mosto Renda anunciou a primeira das obras incluídas polo Concello no Plan de Mellora de Camiños de Titularidade Municipal correspondente á anualidade 2024.

Concretamente, trátase da vía municipal que une as parroquias de San Xoán de Alba e Belesar e que parte dende a N-634 na parroquia de Alba e atravesa os barrios das Turbelas, O Curro, Cordal e Meire, dándolle acceso tanto ás vivendas como ás parcelas e explotacións agrogandeiras da zona, ata rematar na igrexa e cemiterio de Belesar.

Tal e como explicou Renda, esta nova obra de mellora suporá “o maior investimento do que vai de lexislatura no rural” pois a renovación completa dos 4,385km conta cun orzamento de 85.000 euros.

Así mesmo, o proxecto de obra presentado recolle a rexeneración, ta-



mén, dos tramos en peor estado da estrada de Meire.

“Da actuación xorde unha ramificación da vía que lle dá acceso a vivendas e parcelas agrícolas en dirección norte. A súa lonxitude é de 490 metros e é por isto que se actuará en sobreeanchos, abanicos e accesos públicos deste tramo a fin de aproveitar ó máximo a explanada actual da estrada” explicou.

Anunciou tamén a renovación com-

pleta da vía que lle dá acceso ao barrio de Pedrouzos, na parroquia da Torre. Os traballos de rexeneración complementáronse coa limpeza de cunetas e o custe total desta nova actuación municipal foi de 24.675 euros.

Por outra banda, remataron as obras de renovación e mellora da vía que une os barrios da Bouza, a Sarela e o Carballal, na parroquia de Vilapedre, unha actuación de 39.760 euros.

Mans Unidas recadou 3.235 euros na súa gala



A Comarcal de Mans Unidas de Vilalba fixo unha valoración moi positiva por como se desenvolveu o seu Festival Solidario, o día 20 de abril, tanto polas “magníficas actuacións” das asociacións culturais Banda de Música de Vilalba e Mestura de Nete como polo “moitísimo que gozou o animado público”. Agradeceron a colaboración de todas as persoas que puideron asistir como a das que, por diferentes motivos, non o puideron facer, entre elas fíxose unha mención especial a dous sacerdotes que sempre colaboraron e asistiron mentres viviron

en Vilalba: Uxío García Amor, porque agora reside en Mondoñedo, e Antonio Domínguez Martínez, debido a que faleceu en decembro do ano pasado.

A recadación total foi de 3 235 euros, dos cales 2 420 corresponde á venda de 484 entradas e o resto son donativos. Este diñeiro recadado irá destinado a proxectos de Mans Unidas, por exemplo o de Atención materno infantil e apoio a mulleres vítimas da violencia, en Mauritania, co que, nestes momentos, está a sensibilizar a Delegación de Mans Unidas de Mondoñedo-Ferrol.

Agrupan no programa Vilalba Contigo todas as políticas sociais

Arranca o programa Vilalba Contigo para coordinar e mellorar a eficiencia de todas as políticas municipais de Servizos Sociais.

“Desde a Concellería de Servizos Sociais xestionamos numerosos servizos municipais, moitos deles dunha forma transversal e coa implicación de diferentes departamentos”, explica a alcaldesa de Vilalba e responsable da área de Servizos Sociais, Marta Rouco.

O Concello de Vilalba conta cun equipo de orientación, asesoramento e información que ten por obxecto informar á cidadanía sobre os dis-

tintos dereitos e recursos en materia de servizos sociais, así como orientar e asesorar ás persoas e grupos que estean afectados por problemáticas específicas, diagnosticando a situación e derivándoos, se é necesario, aos servizos sociais de atención especializada.

Dentro dos servizos sociais comunitarios básicos, o concello conta cun programa de valoración, orientación e información; o Servizo de Axuda no Fogar (SAF); o programa de educación e apoio familiar dirixido a familias en situación ou en risco de exclusión social, e o programa básico

de inserción social.

Dentro dos servizos sociais comunitarios específicos, atópanse o servizo de atención temperá da agrupación de concellos de Guitiriz, Vilalba e Xermade; o centro ocupacional Terra Chá de Vilalba; ou o programa dirixido á inclusión social da poboación inmigrante.

A Concellería de Servizos Sociais tamén xestiona a escola infantil municipal; o Centro de Información á Muller (CIM); a unidade de prevención de drogodependencias; ou o seguimento individualizado das persoas de máis de 70 anos.

RECOLLIDA DE MATERIA ORGÁNICA



Xa está en marcha o servizo de recollida de materia orgánica nas rúas vilalbesas. O primeiro paso foi completar a implantación de contedores e agora xa comezaron coa recollida. Os que desexen sumarse a este proxecto teñen que recoller a chave na casa do concello que permitirá abrir os colectores e que será unha por domicilio.

Definitivamente,
temos o prezo
máis baixo en fibra



Fibra 400 Mb
Móbil 30 GB

29€
/mes

PREZO DEFINITIVO

Chama gratis ao **900 651 679**
Visita as nosas tendas ou entra en adamo.es

adamo
Fibra · Móbil · Fixo · TV

Satisfacción do empresariado polas obras da rotonda do polígono

No Polígono Sete Pontes actuou a Xunta no amaño da rotonda de acceso. Dende a Asociación de Empresarios Sete Pontes expresaron “a nosa sincera gratitude á Xunta de Galicia polo traballo realizado no asfaltado da rotonda de entrada ao polígono industrial e dos arranxos realizados na estrada que comunica o noso polígono industrial coa auto-vía A8”.

Afirman que grazas a estas obras, mellorouse significativamente o acceso e a seguridade para todas as empresas e traballadores que operan na nosa zona industrial.

“Ademais, queremos agradecer tamén os labores de limpeza da rotonda e das isletas da mesma. Estas accións non só contribúen á mellora da aparencia estética do noso entorno, senón que tamén axudan a manter unha circulación segura e fluída para todos os condutores que transitan por esta zona”, engadiron.

“Valoramos profundamente a cola-



boración e o compromiso da Xunta de Galicia con estas obras e esperamos que esta boa relación e cooperación continúen no futuro” dixeron. Dende a Asociación de Empresarios afirman que “seguiremos traballando para levar a cabo as diferentes actuacións do noso plan estratéxico, que buscan a mellora constante das infraestruturas da nosa comunidade empresarial”.

Por outra banda, os traballos de

pintado e sinalización horizontal e vertical das rúas e dos espazos públicos do polígono Sete Pontes xa remataron. Trátase dunhas actuacións cun orzamento de 17.800 euros que inclúen a limpeza e roza do parque empresarial, o pintado de máis de 13.000 metros de liña continua e descontinua, máis de 1.000 metros cadrados de pasos de peóns e a instalación de numerosos sinais horizontais e verticais.

Os populares reivindicán máis atención ao rural



Os concelleiros populares reivindicán novamente maior atención ás parroquias do rural por parte do bipartito PSOE-Vilalba Aberta ante as queixas dos veciños de Román por varias deficiencias tanto no servizo de recollida do lixo como no estado das pistas municipais.

Os populares advirten do empeoramento do servizo de recollida do lixo poñendo como exemplo que “xa non van recoller o lixo preto dunha vivenda do barrio de Seivane, en Román, onde se retiraron contedores do lixo obrigando á xente do barrio a percorrer máis de medio quilómetro para botar o lixo cando antes dispoñía de contedo-

res máis próximos”.

“O empeoramento do servizo apréciase tamén no estado de abandono de moitos contedores das parroquias que están rotos ou sen tapas e, polo tanto, xa non cumpren coa súa función e as bolsas do lixo rematan polo chan”, engaden. Nese sentido, reclaman “contedores en boas condicións porque os veciños están pagando por un bo servizo”. “O estado das pistas tamén demostra o desprezo ás parroquias por parte deste goberno”, consideran ante o mal estado da pista municipal do barrio de Seivane, “chea de fochancas e co asfalto deteriorado”.

NOVAS DOTACIÓNS PARA O PARQUE DE BOMBEIROS

Un novo vehículo de altura incorporouse ao Parque Comarcal de Bombeiros vilalbeses grazas a un investimento de preto dun millón de euros. O vehículo ten unha autoescaleira xiratoria automática co último tramo articulado de 30 metros, que é moi versátil porque permite labores de acceso, salvamento e rescate en espazos aéreos ou altura, como na extinción de incendios en lugares elevados ou auxilio de persoas en inmobles.



Exposición sobre Castelao

A sala Ramón Guntín da casa da cultura de Vilalba acolleu a presentación da exposición Castelao Grafista promovida pola Fundación Galicia Obra Social (AFundación) e a corporación bancaria Abanca, en colaboración co Concello de Vilalba. A exposición *Castelao Grafista* permanecerá na sala Ramón Guntín da Casa da Cultura vilalbesa ata o sábado 25 de maio, cando continuará o seu percorrido por terras lucenses.

En concreto, trátase dunha exhibición das múltiples facetas do caricaturista, debuxante, ilustrador, columnista, escritor, pintor, escenógrafo, ensaísta, historiador, etnógrafo, teórico e político, Alfonso Daniel Rodríguez Castelao co obxectivo de dar difusión á súa obra e divulgar o seu pensamento; que todas as persoas interesadas poderán visitar en horario de luns a venres de 11 a 13 e de 17.30 a 20 horas.



construfer

Saneamientos, construción
y ferretería

Avda. Terra Chá 112 - 114 - VILALBA (LUGO)
Telf: 982 511 200

Visita nuestra nueva tienda online:
www.construfervilalba.com

MATERIALES
DE CONSTRUCCIÓN Y SANEAMIENTO
PABLO RABADE PAREDES

RESTAURANTE
PARRILLADA

O Adro

COMIDA PARA LEVAR
COMIDAS DE EMPRESA, GRUPOS...

Ven a probar os nosos cocidos

O Adro, Lanzós 27816
VILALBA - LUGO
982 52 58 65 - 626 23 71 56

Sociedade e Concello apoian o proxecto enerxético do Tesouro

O tecido empresarial, económico e sindical apoia a posta en marcha do parque eólico e o complexo de loxística e mantemento eólico previsto nas antigas instalacións mineiras do Tesouro, en Espiñaredo, que contempla un investimento de máis de 70 millóns de euros e que conta coa declaración de impacto ambiental favorable da Xunta e o Estado, e a construción dun parque eólico e dúas subestacións nos terreos da antiga escombreira.

Un complexo que, segundo as estimacións de Endesa, suporá a creación de 34 empregos directos e 44 indirectos no municipio. O alcalde das Pontes, Valentín González Formoso, participou nunha reunión dos técnicos que deseñaron o proxecto con representantes da Asociación de Empresarios Seara, a Asociación de Comerciantes Co-hempo, os sindicatos UGT e CC.OO. e a Asociación local de transportistas que, xunto co propio Concello das Pontes, valoran positivamente a construción do parque e do com-

plexo loxístico, que xunto cos catro parques eólicos xa existentes no municipio, as plantas de hidróxeno e de bombeo reversible proxectadas, e o ciclo combinado de gas natural seguirán facendo das Pontes un dos maiores complexos enerxéticos de España.

“Non só xeraremos enerxía, senón que imos afrontar o maior reto de cara ao futuro: almacenala”, afirmou Formoso, que explicou que as plantas de hidróxeno e bombeo reversible terán un papel fundamental neste ámbito, que xunto ao ciclo combinado e a produción eólica conformarán o complexo enerxético máis completo do Estado.

Formoso destacou que “a aposta eólica é clave para As Pontes, dado que 400 familias viven actualmente do sector e aspiramos a que no futuro sexan máis”.

A posta en marcha deste proxecto suporá ingresos recorrentes para o Concello que servirán para amortecer as perdas de ingresos polo peche da central térmica.

Volve a Bandeira Azul ao Lago

A praia do lago das Pontes logra, por cuarto ano consecutivo a Bandeira Azul, un distintivo que concede cada ano a Asociación de Educación Ambiental y del Consumidor (ADEAC) e que recoñece, novamente, a calidade ambiental do areal pontés.

Elena López, concelleira de Turismo, amosa o orgullo que para o Concello das Pontes supón revalidar esta distinción “que nos sitúa, unha vez máis, no mapa internacional do turismo, converténdonos nunha das 19 praias de augas continentais en toda España que este ano reciben o galardón e sendo unha das dúas únicas coas que conta Galicia”.

“A bandeira azul ten unha enorme repercusión mediática e promocional e ten un impacto directo sobre o turismo. Durante os últimos tres anos puidemos constatar como cada vez son máis as persoas que se achegan ata o lago atraídos polos valores asociados a este galardón, persoas que buscan a calidade das augas, o coidado polo medioambiente a se-



guridade e os servizos” engadiu.

A concelleira tamén resalta todo traballo desenvolvido durante os últimos anos, en ámbitos como a accesibilidade, a educación ou a seguridade, para cumprir cos requisitos esixidos por ADEAC para manter este distintivo e que, en palabras de Elena López, “nos indica que estamos na senda correcta e nos animan a continuar traballando para facer do lago un espazo de encontro e lecer da veciñanza das Pontes, para potencialo, ao mesmo tempo, como

recurso turístico, promocionando os valores ambientais do municipio e coa vista posta en novos proxectos” Para revalidar a bandeira azul o Concello das Pontes tivo que enviar no mes de novembro unha memoria das actividades levas a cabo durante o ano, tanto no ámbito ambiental como no educativo, no da accesibilidade e no da seguridade así como unha proposta de candidatura para o ano 2024, no que se incluían accións de mellora nas infraestruturas e nos servizos.

ENVELLECIMIENTO ACTIVO



A concelleira de Benestar Social, Tania Pardo e o concelleiro de Medio Rural, Roberto Rivera, clausuraron, nas Asociacións Veciñais de Saa, Marraxón e Cal da Aveláña, as actividades do programa municipal de envellecemento activo. As actividades desenvolvéronse entre os meses de outubro de 2023 e marzo de 2024, un día á semana en cada asociación, durante unha hora e media e nelas participaron un total de 70 persoas maiores de 60 anos.

As Pontes renova o convenio para loitar contra o absentismo escolar

O Concello das Pontes renovou os convenios de colaboración con Aspanaes e a Residencia A Magdalena para continuar co programa educativo dirixido ao alumnado con perfil abstentista da vila.

O programa ten como obxectivo prioritario que o alumnado adquira coñecementos educativos e valores sociais que leven á modificación da súa conduta no centro educativo, valorando a súa formación e ofrecendo un apoio aos centros de ensino e ás familias.

Os centros educativos de secundaria do municipio poderán derivar ao alumnado con perfil abstentista ao programa de atención educativa á infancia e á adolescencia no que se



lles ofrecerá apoio socioeducativo.

O alumnado acudirá, dous días á semana, ás actividades do programa en horario lectivo para realizar diversas tarefas educativas impostas polos centros educativos e as

entidades sociosanitarias colaboradoras acollerán un día á semana ao alumnado derivado, quen realizará tarefas de voluntariado baixo a supervisión do persoal do centro.

POR CADA
10€
DE COMPRA
TE DESCANTAMOS
1€
EN TU
SIGUIENTE COMPRA

CARACOL+

RÚA CAMPO DE PUENTE 23-25 VILALBA (LUGO) • decoplusvilalba@gmail.com

982 887 932 / 604 049 938 • caracol.plus

As Pontes inviste nas rúas Rego do Muíño, Balsa e Campeiras

O Concello das Pontes investirá 179.465,80 €, provenientes da Deputación da Coruña, nas obras de mellora da beirarrúa e servizos na marxe dereita da Rúa Rego do Muíño.

O obxectivo deste proxecto é a renovación dos servizos urbanos de saneamento e alumeadado así como a renovación do pavimento e, entre os traballos previsto, inclúese a demolición do pavimento actual de baldosas hidráulicas e colocación doutro de características similares ás das intervencións realizadas recentemente en rúas da contorna.

Por outra banda, para garantir a accesibilidade universal, tamén se proxecta a supresión daqueles elementos e cambios de nivel que supoñen unha barreira no desprazamento das persoas con problemas de mobilidade.

Así mesmo procederáse á renovación da rede de saneamento, desdoblándoa nun sistema de rede separativa de pluviais e residuais e mellorarase a rede de alumeadado público, mediante a substitución do tendido existente por un sistema acorde coas actuais esixencias en materia de aforro enerxético.

As obras rematarán con instalación de mobiliario urbano.

A BALSA. Investirá tamén 109.053 euros, procedentes da Deputación da Coruña, no proxecto básico e execución das obras de mellora de servizos e pavimentos na Rúa da Balsa. Esta actuación ten como obxectivo mellorar a accesibilidade así como os servizos públicos de alumeadado e saneamento no viario, no tramo comprendido entre a Rúa Tras da Ponte e a Rúa Eume.

Así executarase unha nova pavimentación mediante formigón armado impreso e coloreado, resolvéndose



o encontro coa calzada mediante a colocación de bordo de formigón.

Instalaranse novas canalizacións, tanto para o alumeadado como para os servizos de telecomunicacións e novos báculos e luminarias en todo o percorrido da zona de actuación. Por outra banda, executarase as instalacións de saneamento mediante redes separativas e as acometidas necesarias.

Os traballos rematarán coa instalación de mobiliario urbano e a execución e reposición da sinalización horizontal e vertical pertinente.

CAMPEIRAS. O Concello tamén acometerá as obras de renovación urbana da avenida das Campeiras, un proxecto cun orzamento de 112.041,49 euros procedentes da

Deputación da Coruña.

O obxectivo deste proxecto é a renovación dos servizos urbanos de saneamento e pluviais, a iluminación pública na marxe esquerda do tramo da Avenida das Campeiras situado entre a intersección da rúa Covelos e o número 66 da citada avenida mentres que na marxe dereita, na que se renovaron os servizos públicos recentemente, procederáse á instalación do cabreado de iluminación pública necesario.

En ámbalas dúas marxes realizarase unha obra de renovación do pavimento existente mediante baldosa de formigón granallado e procederáse a instalación de novas luminarias públicas e reporase o mobiliario urbano. A obra rematará co pintado da sinalización viaria necesario.

Abre a inscrición nos campamentos urbanos

O Concello das Pontes abre o luns o prazo de inscrición nos Campamentos Urbanos de Verán 2024, que se desenvolverán nos meses de xuño, xullo, agosto e setembro, en días laborais, e que teñen como obxectivo facilitar e promover a conciliación laboral e familiar durante o período estival.

Os campamentos levaranse a cabo no CEIP A Magdalena e inclúen actividades educativas, de lecer e deportivas e están dirixidos a nenos e nenas nados entres 2012 e 2020, habendo un total de 30 prazas para os meses de xuño e setembro e 70 prazas para os meses de xullo e agosto, sendo necesarias un mínimo de 10 inscricións en cada

quenda para poder levar a cabo as actividades.

As persoas interesadas poderán optar por dous horarios, de 08:00 a 14:30 horas con posibilidade de almorzo saudable ou de 10:00 a 14:30 horas sen servizos extras.

A veciñanza interesada en participar nestes campamentos de verán de conciliación deberán inscribirse no Rexistro Municipal do Concello, desde o 6 ao 29 de maio, en horario de 8:30 a 13:30 h, previa cita nos números de teléfono 667129388/667129389 o a través da electrónica municipal comezando o prazo o día 6 de maio ás 00.00 e rematando o prazo o 29 de maio ás 14.00 horas.

AXENDA DE ACTIVIDADES

ISMAEL SERRANO. Ismael Serrano chega ás Pontes, o vindeiro 24 de maio, coa súa xira *La canción de nuestra vida*, novo espectáculo cheo de poesía, no que convida o público a gozar do privilexio de escoitar, ademais dos seus éxitos de sempre, cancións inéditas. Temas que, sen dúbida, converteranse en novos himnos para lembrar aquel tempo efervescente no que sentimos intensamente vivos e o futuro era noso.

SAN PEDRO DE EUME. Esta parroquia celebrará un xantar popular o día 1 de xuño. A xornada abrirase cunha misa solemne ás 13.00 horas, seguida dunha sesión vermú a cargo do dúo Explosión e o grupo Pasión. Ás 15.00 horas será o xantar popular. Habrá polbo, churrasco, sobremesa, café e licores. O

prezo do menú é de 30 euros para adultos e de 15 para nenos de 6 a 12 anos. O 26 de maio será o último día para a retirada de tickets. Pola tarde haberá actividades para os nenos e, ás 18.00 horas, comezará unha sesión de tarde co dúo Explosión. Despois un sorteo de agasallos, a verbena está prevista para as 22.00 cos grupos Pasión e Jaque.

MÓVETE. As Pontes celebra o sábado, 11 de maio, unha nova edición da súa festa co comercio, Móvete x As Pontes. Comezará no Parque Municipal, ás 18:00 horas, cun desfile de moda. Os locais participantes abrirán os seus establecementos ás 20:00 horas e prolongarán o seu horario de apertura ata as 00:00 horas con animación musical polas rúas. Sortearanse premios valorados en 600 euros.



CENTRO DE ODONTOLOGÍA E IMPLANTOLOGÍA

20 Años a tu lado

Dr. Juan Francisco Lema Ferro Coleg. 270000874
Dra. Noelia Fernández Agudo Coleg. 270001206

Horario: Lunes a jueves de 9h a 14h y de 16h a 22h.
Viernes de 9h a 14h y de 16h a 20:30h.

Camiño Real 36-38 Entresuelo Izda. 982 228 428 - 608 937 993
www.clinicadentaltest.es / dentaltest@yahoo.es

clínica TEST dental

Parking gratuito



Plácido Peña 3, Vilalba
Piso | 3 Dorm | 2 Baños | 107m² 107.000€
En pleno centro de Vilalba (Lugo), se vende piso de tres dormitorios y sala, dos baños, cocina, armarios empotrados. La vivienda tiene calefacción de gas natural, preinstalación de aspiración centralizada y dispone de una plaza de garaje amplia en el sótano del mismo edificio, de un trastero y de ascensor.

Chao Ledo 1, Vilalba
Piso | 4 Dorm | 2 Baños | 110m² 73.000€
En la localidad de Vilalba (Lugo), a unos 30 minutos de Lugo y Ferrol, 45 minutos de Coruña y de la costa lucense, se vende piso céntrico de 4 dormitorios y sala, 2 baños, cocina y ascensor.

Avenida da Terra Cha 80, Vilalba
Piso | 3 Dorm | 2 Baños | 110m² 80.000€
En Vilalba (Lugo), se vende piso de tres dormitorios y sala, dos baños, cocina amueblada. La vivienda dispone de calefacción de gas ciudad, ascensor, garaje y trastero en el bajo cubierta. Se sitúa en el número 104 de la avda. Tierra Llana de Vilalba, justo por encima de la calle que lleva cuartel de la Guardia Civil.

Porta de Cima 41, Vilalba
Casa /Chalet adosado | 1 Dorm | 0 Baños | 133m² 25.000€
Se vende en Vilalba (Lugo) una vivienda en mal estado de conservación, de unos 55 metros cuadrados por planta y un terreno a la espalda de unos 100 metros cuadrados.

Emigración, Vilalba
Casa /Chalet adosado | 4 Dorm | 2 Baños | 164m² 95.000€
En Vilalba (Lugo), ofrecemos en venta vivienda unifamiliar, adosada, distribuida en dos plantas, en las que hay 4 habitaciones y sala, dos baños (uno en cada planta), cocina y un trastero. Dispone de calefacción de gas ciudad. La propiedad está dispuesta a oír ofertas sobre el precio marcado.

Mondoñedo, Vilalba
Piso | 4 Dorm | 2 Baños | 140m² 90.000€
En Vilalba (Lugo), en concreto en la esquina de calle Mondoñedo con calle de la Feria, se vende un piso cuarto muy amplio, de cuatro habitaciones y sala, dos baños y cocina. Dispone de calefacción de gas, una plaza de garaje en el mismo edificio, trastero en el bajo cubierta y ascensor.

Calle Galicia 37, Vilalba
Edificio residencial | 367m² 145.000€
En Vilalba (Lugo), en calle céntrica, se venden conjuntamente, dos apartamentos totalmente acondicionados y amueblados, de 61 y 51 metros cuadrados cada uno, situados en la primera planta del edificio, un segundo piso de 116 metros cuadrados dividido y con la distribución hecha, un piso tercero de 116 metros cuadrados, en placa y sin división alguna y a mayores, cuatro trasteros acondicionados, sitos en el bajo cubierta. Los dos apartamentos están alquilados y se obtiene por ellos una renta conjunta de unos 600 €/mes. El edificio tiene hecha la caja del ascensor; pero no está instalada la maquinaria.

Conde Pallares 20, Vilalba
Edificio residencial | 489m² 60.000€
En la calle Conde Pallares de Vilalba (Lugo), se ofrece en venta un edificio repartido en un bajo de 140 metros y tres viviendas de unos 100 metros cuadrados cada una. El edificio tiene orientación Sur.

Vilar do Castedo 7, Xermade
Casa rural | 2 Dorm | 0 Baños | 184m² 27.000€
En la localidad de Cazas, municipio de Xermade (Lugo), a unos 11 km de Vilalba, se vende casa rural, a reconstruir por dentro, fachada y tejado en buen estado.

Avenida de Galicia, Vilalba
Piso | 3 Dorm | 2 Baños | 110m² 123.000€
En Vilalba (Lugo), se vende piso céntrico, de tres habitaciones y sala, dos baños y cocina. Dispone de calefacción individual a gas ciudad, ascensor, garaje y trastero en el bajo cubierta.

Francisco Javier Roca Edreira • María Dolores Prado Rouco

**Matrimonial - Herencias - Tráfico - Inmuebles
Comunidades - Penal**

Plaza de Suso Gayoso nº 14.- Bajo.- 27800 Vilalba (Lugo)
Carril de Catasol nº 1.- 1º A.- 27002 (Lugo)
Tfnos.: 982 510 257 - 600 828 720

www.rocaabogados.info
www.inmobiliariajroca.es

Morcegos de Galicia realizará un estudio nas fragas de Endesa

Endesa anunciou que cederá á Asociación de Morcegos de Galicia tres estacións de control ambiental que deron servizo á súa central térmica das Pontes para convertelas en refuxio de morcegos, unha iniciativa que busca facilitar “a conservación e estudo” dos quirópteros na contorna. A eléctrica firmou un acordo coa asociación para o aproveitamento das fragas que son propiedade desta.

O grupo enerxético explicou que esas infraestruturas serán acondicionadas para os seus novos usos no marco dun acordo que tamén contempla o “seguimento da colonización destas estacións”. Pola súa banda, a entidade desenvolverá outras accións encamiñadas ao estudo da poboación de morcegos nos bosques próximos ao encoro



da Ribeira, propiedade da compañía privada, e actividades de divulgación para difundir entre a cidadanía “a importancia que teñen estes mamíferos para o ecosistema”. Xa se instalaron 30 caixas refuxio de morcegos no bosque de Lostegal grazas á colaboración de 23 integrantes da asociación ambiental lo-

cal Carril da Veiga Verde. Mentres, a Asociación Morcegos de Galicia prevé realizar “unha mostra-xe acústica dos morcegos presentes na zona” con apoio de voluntarios e unha iniciativa de “captura e marca-xe de exemplares para a identificación dos refuxios naturais de especies forestais”.



Clausurada a sexta edición da UNED Sénior

A concelleira de Benestar Social, Tania Pardo participou esta tarde na clausura, no IES Plurilingüe Castro de Uz, da 6ª edición do Programa de Democratización do Coñecemento, na que participaron medio centenar de veciños e veciñas da vila, organizado pola UDC coa colaboración do Concello, contando con financiamento da Xunta de Galicia.

Tania Pardo destacou que “con este Programa, a Universidade Sénior achegouse un ano máis ás persoas maiores de 50 anos das comarcas das Pontes, coa intención de seguir dando resposta as súas inquedanzas e necesidades formativas como vén facendo desde a súa primeira edición o ano 2019, promovendo

o envellecemento activo no noso municipio”.

As accións formativas desenvolveronse durante os meses de marzo e abril e tiveron como obxectivo prioritario revalorizar o patrimonio cultural, social e ambiental da zona, concienciar á sociedade sobre a presenza da ciencia no día a día, e recoñecer o valor das disciplinas artísticas a través do coñecemento e as vivencias.

As materias que se impartiron a través de diferentes seminarios estaban relacionadas con tres grandes áreas temáticas: Arte e Sociedade, Ciencias e Tecnoloxía e Saúde e Benestar, a cargo de profesorado da Universidade da Coruña, no salón de actos do IES Castro de Uz.

O BNG rexistra dúas iniciativas para a declaración BIC da cheminea da térmica

Os deputados nacionalistas Ramón Fernández Mon e Xosé Manuel Golpe, xunto coa voceira municipal do BNG Carmela Franco, rexistraron no Parlamento e no Concello iniciativas relativas ao expediente de declaración de Ben de Interese Cultural (BIC) da cheminea, incoado pola Xunta en 2022 e que remata, como máximo, o 22 de xuño deste ano.

Para o BNG, a decisión da Xunta de declarar BIC a cheminea na súa condición de patrimonio industria “representa a última oportunidade de actuar no curto prazo que require o calendario das axudas, e, sobre de todo, da necesidade estratéxica de manter a ligazón física de Endesa coas Pontes e obriga a cumprir coas súas obrigas e responsabilidades para coa vila e a súa comarca”, din.

O BNG propón logo dunha análise e debate de experiencias similares, demanda da Xunta e do Concello a ampliación do BIC e, polo tanto, a conservación do parque de carbóns, unha caldeira, a sala de turbinas, dúas torres de refrixeración próximas entre elas, e a sala de control.

José Seoane Álvarez - Servicios Agrícolas

Transformaciones agrarias
Desbroces y plantaciones de montes
Servicio de podas

San Lorenzo de Árbol, 13. 27800 Vilalba. Tels.: 608 306 746 - 679 955 138



Muras presenta a nova edición da Romaxe Artesá da Chaira

Muras prepara a VIII Romaxe Artesá da Chaira, que se celebrará o vindeiro 25 de maio na área recreativa da Veiga coa colaboración da Vicepresidencia da Deputación de Lugo. O evento presentouse este mediodía nun acto en que participaron a deputada de Cultura, Iria Castro, o alcalde de Muras, Manuel Requeijo, a tenente de alcalde Paula Gómez e a concelleira de Cultura Cristina Franco, xunto á artesá Iria Pigueiras e á fotógrafa Milder Pumariño.

A responsable de Cultura de Muras detallou o programa desta nova edición da Romaxe que describiu como “unha festa da artesanía e da cultura galega, que demostra o potencial da tradición como fonte de inspiración e de coñecemento para o presente e o futuro” e destacou “a aposta por unha programación para público novo e familiar, na que persoas de todas as idades atopen algo do seu interese”. Nesa liña, subliñou a vontade de manter “o espírito das celebracións e merendas familiares que tradicionalmente acollía a carballeira da Veiga”.

Coincidindo coa Romaxe estreara-se tamén unha exposición de fotografías antigas, que se amosarán na área recreativa da Veiga e que se manterá de forma permanente logo na Casa do Médico.

ARTESANÍA E MÚSICA. A área recreativa da Veiga acollerá arredor de 25 postos de artesanía, con diferentes actividades pensadas para dinamizar o espazo e fomentar a participación e a interacción do público. Entre elas, unha demostración da Asociación de Mulleres



de Insúa, que recuperaron o cultivo e os traballos tradicionais do liño, obradoiros de coiro con Tres Caracoles, de elaboración de complementos coas redeiras artesás de Illa da Estrela e de cestería aplicada ao interiorismo e á iluminación coa artesá e deseñadora Julia de la Cal de La Parabólica, así como unha charla do divulgador Luís do Río, estudoso dos “sancosmeiros”, que conta cunha gran proxección nas redes sociais. As Mulleres Rurais de Muras tamén mostrarán na Romaxe as pezas de madeira e coiro que realizaron nos cursos de obradoiros de artesanía que desenvolven ao longo do ano.

No relativo á programación musical, a Romaxe Artesá da Chaira contará coas actuacións de Fillas de Casandra, do grupo de voz e percusión Pan Sen Fron e de Mekanika Rolling Band, e cos espectáculos musicais de Peter Punk e Brais das Hortas, pensados para o público infantil. Ademais, alumnado do IES Basanta Silva amosará os froitos dos obradoiros de regueifas que se desenvolven no centro. As propostas lúdicas completaranse con demostracións de billarda e diferentes xogos populares.

A Romería da Xestosa coas súas poxas será o próximo 8 de xuño

Ademais, xa está prevista tamén a celebración da súa tradicional Romería de San Antonio da Xestosa os días 8 e 9 de xuño. Así, as festas darán comezo o sábado coa misa solemne ás 12.30 horas con procesión seguida de sesión vermú con Alma Latina e, pola noite, este mesmo grupo acompañará ao dúo Estrellas na verbena. Ás 15.00 horas está previsto o xantar popular no campo da festa a base de paella, churrasco de cocho, chourizo e criollo, patacas, tarta xeada, café e licores por un prezo de 30 euros. As persoas interesadas en asistir deberán anotarse antes do 5 de xuño nos teléfonos 669 302 211 e 679 306 678.

Haberá colchonetas de balde para os pequenos e á medianoite haberá fogos de artificios.

O domingo, haberá oficio relixioso tamén á mesma hora e sesión vermú prolongada co trío Zafiro, que poñerá o punto e final a dous días de celebración.



Afectados polo cambio de trazado da LU-540 teñen unha reunión

O salón de plenos do concello de Muras acollerá o día 4 de xuño unha reunión aberta á veciñanza afectada polo cambio de trazado da LU-540 entre Viveiro e Cabreiros.

Segundo o proxecto, nesta obra engadirase un ramal de entrada dende a LU-540 a Oural en sentido Cabreiros-Viveiro, e incluíranse na Gañidoira peche perimetral e pasos canadenses para animais.

A relación de titulares dos terreos

cos bens e dereitos afectados e os planos parcelarios están expostos nos concellos de Xermade, Viveiro Oural e Muras así como no Servizo da Axencia Galega de Infraestruturas Lugo.

Na reunión do 4 de xuño, que será entre as 9.00 e as 12.30 horas, tratase do levantamento de actas previas á ocupación e dunha formalización de actas de ocupación dos bens e dereitos afectos polo proxecto.

A Xunta denega dous parques eólicos entre Muras e Oural

O Goberno galego denegou as declaracións ambientais dos parques Escoiras e Muruás, ámbolos dous impulsados por Adianta Corporación entre os municipios lucenses de Muras e Oural, que sumaban en conxunto uns 43 megawatts.

As dúas resolucións están asinadas pola directora xeral de Calidade

Ambiental, Sostibilidade e Cambio Climático, María Sagrario Pérez Castellanos, e apúntase aos “efectos adversos no medio ambiente” de levarse a cabo.

A Xunta si deu luz verde á declaración de impacto ambiental do proxecto de parque eólico Penas Longas, situado entre Mañón e Ortigueira.

SOMOS ESPECIALISTAS EN RECAMBIO AGRÍCOLA

NEUMÁTICA
HIDRÁULICA
TRANSMISIÓN
HERRAMIENTAS
ACEITES

TENEMOS EL RECAMBIO PARA TU APERO

CUCHILLAS
MUELLES
CORREAS
RODAMIENTOS

TRABAJAMOS LAS MEJORES MARCAS

JOHN DEERE eni
CEPSA
BCS
PETRONAS
TIMKEN BZ

TODAS LAS HERRAMIENTAS QUE NECESITAS

Milwaukee
Nothing but HEAVY DUTY.



RECAMBIOS Y SUMINISTROS

Rúa do Freixo, P-53
Pol. Ind. Sete Pontes
27800 Vilalba - Lugo
Tel.: 982 831 105 / 609 392 656
recambios@sesacar.com

O taller de emprego acondiciona o Camiño da Igrexa no centro



Os alumnos e alumnas do obradoiro de emprego Cumes da Terra Chá VII están a realizar durante a súa estada a mellora do Camiño da Igrexa na localidade de Friol como parte da actividade formativa.

Nesta actuación realizan traballos de acondicionamento, limpeza e mellora tanto do camiño como da fonte existente nesta contorna.

O alcalde, José Ángel Santos visitou os traballos e agradeceu aos traballadores "o seu labor e bo facer neste proxecto".

Este mesmo grupo realizou tamén os traballos de humanización da praza Curros Enríquez e datas recentes, que consistiron no nivelado coa beirarrúa, o empedrado da zona e a colocación de luminarias, entre outros traballos.

A friolesa Mar Pérez Fra será a número 3 do BNG ás europeas

O Consello Nacional do BNG aprobou o 27 de abril a candidatura para as vindeiras eleccións europeas. Lista encabezada por Ana Miranda e onde a lucense Mar Pérez Fra, veciña de Friol, ocupará a terceira posición.

Mar Pérez Fra é profesora da área de economía, socioloxía e política agraria no Campus Terra de Lugo, especializada na análise, avaliación e deseño de políticas de desenvolvemento rural. Co cal a súa inclusión na lista do BNG para as eleccións europeas dará un impulso na defensa do territorio e da nosa rural.

O BNG defendera ante a UE o dereito a vivir e a producir na propia Terra. As políticas europeas en materia agraria nunca tiveron en conta os intereses de Galiza. O BNG presenta



unha candidatura cen por cen galega e porque Galiza precisa ter voz propia en Europa para facerse escoitar, para negociar, para defender os nosos sectores produtivos do rural, o noso medio ambiente e territorio, para defender o avance dos dereitos sociais da clase traballadora.

Friol prepara a sexta edición do Friulio para os días 11 e 12 de maio

O Concello de Friol e a Asociación de Recreación Histórica A Castronela organizan unha nova edición do Friulio, un encontro entre asociacións castrexas e romanas que recrearán durante a fin de semana do 11 e 12 de maio os modos de vida, costumes e crenzas de ámbalas dúas culturas. En total este VI Friulio contará coa participación de máis de 30 asociacións de recreación histórica, música tradicional e divulgación cultural, coa colaboración das asociacións culturais de Friol, contando coa participación directa de máis de 500 persoas entre figurantes e outras funcións arredor desta festa de recreación histórica.

As actividades principais da festa volverán estar situadas en torno ó paseo fluvial, co establecemento do castro galaico, onde se manterá a recreación de oficios, e o campamento romano. Ambos asentamentos son os grandes reclamos do Friulio e poderán ser visitados desde as 11:00 da mañá do sábado ata as 8 do serán do domingo.

O programa de actividades inclúe desde a recreación da vida nun cas-



tro ata a elaboración do pan que utilizaban as milicias romanas nos seus desprazamentos, a elaboración do queixo de Friol, desfiles de tropas romanas, ou demostracións e obradoiros de teares castrexos, orfebrería, fiado, coiro, barro e pintura castrexa, tiro con arco e macheta, xogos populares e gastronomía castrexa. Pola parte romana tamén veranse obradoiros de alimentación e medicina, armaduras, cuñado de moedas e comercio.


O Asedio ao Castro volverá ser o momento máis espectacular do Friulio,

onde se recreará o asalto das tropas romanas aos castros que existían nas terras de Friol. Outras representacións desta edición serán a Escaramuza Castrexa-Romana e o Descenso en balsa do río Narla o sábado pola tarde; e a Voda Celta e a Liorta polo Tesouro do Castro o domingo. A música volverá ter unha grande importancia este ano, coa actuación de diferentes grupos folk en distintos puntos da vila, como Xesta Verde ou Tympana Gallaica. Na noite do sábado celebráranse as actuacións dos grupos Astarot e Rock Legend.

A Feira do Cabalo será o 26 de maio

Friol volverá contar un ano máis coa súa popular Feira do Cabalo, que se desenvolverá o 26 de maio no Mercado Municipal con concursos de andadura serrada e galega chapeada. A feira dará comezo ás 8.30 coa apertura do recinto feiral e a compra e venda de gando. Os concursos morfolóxicos terán o seu inicio ás 9.30. horas con cruzados, PRG, PRE e PRA. En todas as categorías haberá sección de poldros e poldras ata 2 anos e partir de dous anos para adultos.

Despois dunha sesión vermú e o xantar dará comezo o concurso de



andadura tradicional galega e media hora despois de andadura libre, chapeada e serrada. Seguirán as carreiras de trote, a partir das 18.30. Finalizará a programación, ás 19.00 horas cunha xincana ecuestre libre. Ademais, entre os asistentes á feira que veñan montando a cabalo, realizarase o sorteo dun poldro. A xornada rematará coa entrega de premios, que serán de 150 euros o primeiro, 100 o segundo e 50 o terceiro en cada categoría. Ademais, nas de andadura, o cuarto e quinto clasificado terán un saco de penso de agasallo.



A Xunta entrega a rede de saneamento de Roimil



A Consellería de Infraestruturas e Mobilidade, a través de Augas de Galicia fixo a entrega ao Concello de Friol das instalacións da nova rede de saneamento no núcleo de Roimil.

En breve a propia Consellería licitará o proxecto para a acometida eléctrica que dará servizo a depuradora, unha vez rematada a conexión eléctrica. “Desde o Concello poñeremos a rede de saneamento a disposición dos veciños para que efectúen o correspondente entronque das vivendas”, explicou o alcalde.

Esta actuación, cun prazo de execución de 6 meses, tiña como obxectivo estender a rede de saneamento e depuración de augas residuais aos lugares do Campo da Feira, O Pazo, Currás e A Penagateira.

A rede de saneamento proxectada

componse dunha conducción principal, 2 colectores que verten ao principal e recollen sendas rúas do núcleo, e 4 ramais secundarios. A rede complétase con 59 pozos de rexistro.

Coa rede están beneficiadas 20 vivendas, que reúnen unha poboación equivalente de 200 habitantes.

A intervención enmárcase no convenio de colaboración asinado entre a Consellería de Infraestruturas e Mobilidade e o Concello de Friol. A Xunta financiou esta actuación nun 80%, ademais de encargouse da contratación e da construción da rede de colectores necesarios para evacuar as augas residuais ata o sistema de depuración previsto, que está formado por unha depuradora de oxidación total.

Erasmus+ realiza unha inmersión lingüística e de emprendemento



Durante dúas semanas, un grupo de dez estudantes e dous profesores do sector turístico e agrícola mergulouse nunha experiencia educativa única no concello de Friol. Organizado polo Departamento de Relacións Internacionais e Proxectos Erasmus+ do Colexio Plurilingüe Liceo A Paz da Coruña, este programa innovador combinou leccións prácticas, visitas culturais e talleres especializados.

Unha parte central da experiencia foi a serie de visitas a empresas do concello. Estas visitas proporcionaron aos participantes unha comprensión máis profunda do

emprendemento rural, a produción agrícola, as cadeas de valor e a dinámica do mercado na rexión.

Paralelamente, reuníronse coa concelleira María Ángeles Buján, quen lles brindou a oportunidade de coñecer de primeira man as medidas que se impulsan desde o Concello para promover o emprendemento na rexión.

Os participantes tamén tiveron a oportunidade de reunirse con representantes do GDR da Comarca de Lugo, para compartir información sobre as iniciativas levadas a cabo na rexión e brindaron visibilidade aos proxectos Erasmus+.

EN BREVE

TRASMONTE. Os días 24, 25 e 26 de maio a parroquia de Trasmonte celebra as súas festas parroquiais na honra á Virxe dos Milagres. Tres xornadas cheas de música nas que os veciños poderán desfrutar da orquestra Olympus e o dj Casanova na xornada do venres, na que haberá tamén unha liscada de chourizada popular a partir das 21.30 horas. Tamén estarán amenizadas estas festas pola orquestra Acordes e grupo Tania Veiras na noite do sábado, a primeira tamén se ocupará da sesión vermú, que se celebrará despois da misa, que dará comezo ás 13.30 horas. Alma Latina será o encargado de finalizar as festas desta parroquia o domingo na sesión vermú. A organización lembra que o campo da festa estará cuberto cunha carpa.

SANTA ISABEL. A comisión de festas de Friol, que se celebrarán do 13 a 15 de xullo na honra a Santa Isabel, fixo pública a listaxe de orquestras que actuarán durante os tres días. Así, preside o listado El Combo Dominicano, e xunto a el estarán Kalima 3.0, Aché, Alianza, Gran Parada e La Duendeneta. O que aínda non se coñece é que grupo actuará cada día. Trátase dun combinado de músicas diferentes para amenizar estas festas que todos os anos reúnen miles de persoas en Friol.

VII FESTA DA TORTA DE MILLO

2 XUÑO

ARTESÁNS · MÚSICA
XOGOS POPULARES
EXPOSICIÓNS
OBRADOIROS

DEGUSTACIÓN
E VENDA
DA TORTA DE MILLO

COA ACTUACIÓN
ESPECIAL DE

XURXO FERNÁNDES
MONDRA
FILLAS DE CASSANDRA




Volve o concurso de curtametraxes do Festival de cine de Roca

A asociación Xermolos e os veciños de Roca organizan unha nova edición, a undécima, do concurso de curtametraxes do Festival de cine de música de Roca, que vai ter lugar entre os días 18 ao 20 de xullo na aldea de Roca, en Guitiriz.

Hai dúas categorías, unha de curtametraxes galegas e outra de fóra de Galicia, cun premio en metálico en cada categoría de 100 euros e un trofeo a cargo dun artesán da comarca.

Neste certame o importante é a temática musical das curtametraxes, que é o que caracteriza o festival.

Entre os requisitos para participar figura que se trata de obras en galego ou castelán (en orixinal o subtituladas), a súa duración non podía exceder os 30 minutos e tiñan que presentarse con copia en DVD ou a través de plataformas dixitais.

O prazo de presentación está limitado ao 8 de xullo e a obra gañadora recibirá un premio en metálico de 100 euros e un trofeo exclusivo. Entre as obras recibidas farase unha preselección polo comité do festival para decidir se finalmente é elixida para competir polo premio do público.

Guitiriz busca o rincón favorito da vila nun certame nas redes

Presentado o certame Mi rincón favorito de Guitiriz, un concurso a través da rede social Instagram que invita á veciñanza e ás persoas visitantes a subir fotografías da localidade para amosar e descubrir o máis destacado da vila: a súa paisaxe favorita, un fermoso atardecer, unha ruta de sendeirismo, un recuncho pouco coñecido ou unha espectacular torta de millo, entre outras.

O certame terá carácter e premios propios, pero ademais as obras a concurso competirán, xunto as fo-

tografías de todo o país, polos premios nacionais de Mi rincón favorito, que buscan recoñecer as mellores imaxes de toda a xeografía española. O prazo para inscribir as obras no certame estará aberto ata o sábado 31 de agosto, inclusive. Así, os premios a nivel local daranse a coñecer o 9 de setembro e os gañadores/as nacionais, o 27 de setembro, coincidindo co Día Mundial del Turismo. Poderán participar todas as persoas que o desexen sen importar idade ou lugar de nacemento.

FESTA DOS XUBILADOS



A Festa dos Xubilados, organizada polo Concello de Guitiriz, reuniu a 580 persoas na Praza do Vinteito, en Parga. Nesta xornada festiva, na que os asistentes desfrutaron dun rico xantar, estivo presente a alcaldesa, Marisol Morandeira; o deputado provincial da Deputación de Lugo, Pablo Rivera; o alcalde de Xermade, Roberto García, e membros da corporación local.

Inician na vila unha campaña para favorecer a separación de residuos

O Concello de Guitiriz continúa este ano 2024 coa súa aposta por seguir aumentando a reciclaxe dos bioresiduos, mediante as diferentes formas de compostaxe doméstica, comunitaria e nas escolas do municipio. Para iso, nas próximas semanas iniciárase unha extensa campaña de divulgación coa veciñanza.

En primeiro lugar, vanse visitar todos os domicilios que estean cerca das zonas onde se instalaron os Centros de Compostaxe Comunitaria (CCC), para facer chegar a mensaxe da importancia da separación de residuos en orixe e da utilización dos centros de compostaxe, como a forma máis eficiente ambiental e economicamente de reciclar os bioresiduos.

Outra das medidas importantes vai ser a colocación de composteiros dentro das escolas para poder reci-



clar os propios refugallos orgánicos xerados nas comidas dos centros.

Finalmente vanse entregar 50 composteiros domésticos para as vivendas que o soliciten e queiran facer compostaxe na casa e obter o seu propio abono. Estes composteiros vanse sumar aos 60 xa instalados nas diferentes casas do municipio.

Neste sentido, o Concello sigue avanzando no cumprimento da lei de residuos e traballando para conseguir os obxectivos europeos a nivel de residuos. Continúa así dando pasos cara unha transición ecolóxica para ter un municipio máis amable coas persoas e o medio ambiente e economicamente eficiente e sostible.

Xermolos convoca o XLV Certame Terra Chá de creación infantil

A asociación Xermolos vén de abrir o prazo para o XLV Certame Terra Chá de creación infantil e xuvenil, un concurso vinculado ao Festival de Pardiñas. Poderán participar obras nas seguintes especialidades: contos, debuxo, poesía, teatro, documentais, fotografía, cómic, murais, graffiti, vídeo-creación, improvisación oral, regueifas e rap.

Haberá dous grupos de premios da mesma calidade e cantidade, uns para os alumnos dos centros educativos da comarca chairega e, os outros, para aqueles que cheguen desde colexios, escolas ou institutos doutras partes de Galicia.

Os galardóns concederanse nos niveis de educación infantil, nos tres ciclos de Primaria, os dous de Secundaria e en bacharelato e FP. Haberá premios para os tres mellores de cada nivel e especialidade, que se repartirán en material e libros valorados en 60 euros para o primeiro; 50, para o segundo, e 30,



para o terceiro. Tamén haberá premios para os traballos colectivos, todos eles con lotes de libros.

Os interesados en participar no XLV Certame Terra Chá deberán enviar os seus traballos ás direccións dos centros de ensino ou ben envialos a Asociación Xermolos. O prazo estará aberto ata o próximo 31 de maio e os premios entregaranse o domingo a tarde do Festival de Pardiñas, que terá lugar a fin de semana do 3 e 4 de agosto.

Abre a inscrición para os campamentos de verán municipais

Xa está aberto o prazo de inscrición dirixido a persoas empadroadas no municipio para anotarse nos campamentos municipais de verán do mes de xullo.

A actividade está dirixida a rapaces e rapazas nados entre os anos 2008 e 2016 (ambos incluídos) e levarase a cabo do 1 ao 5 de xullo. Haberá unha visita ao Aquapark de Cerceda (1 de xullo) e ao Parque Multiaventura Galipark en Padrón (do 2 ao 5 de xullo), con todo incluído durante os catro días de estancia: actividades, monitores especializados, todas as comidas e durmida tres noites.

As persoas empadroadas poderán apuntarse ata o 22 de maio e, se quedan prazas libres, abrirase unha nova quenda, do 23 ao 31 de maio, para os non empadroados. As inscricións realizaranse de forma presencial no Rexistro ou a través da sede electrónica municipal. As prazas son limitadas, polo que será necesario formar un grupo mínimo de 25 persoas cun límite de 40 participantes. O prezo total do campamento completo é de 190 euros, asumindo así o Concello un desconto de 50 euros por participante.



zapatería
C/ Plácida Peña, 8 - Baixo
27100 Vilalba (Lugo)
Tel. 982516150

GABINETE TÉCNICO AGROPECUARIO TERRA CHA

ENXEÑERÍA TÉCNICA AGRÍCOLA - SERVIZOS VETERINARIOS
ENTIDADE DE ACONSELLAMENTO E XESTIÓN DO MEDIO RURAL
CENTRO AUTORIZADO PARA A FORMACIÓN EN BENESTAR ANIMAL

Novas oficinas:
Rúa Lois Peña Novo, Baixo nº3 - Vilalba

Tlf 982 523 649 - 982 523 601
619 41 53 56 - 650 61 12 60

ALÉN

Unha doce tradición que vale unha festa

A Torta de Millo, que se celebra o 2 de xuño, é unha sobremesa distintiva de Guitiriz case centenaria

Guitiriz é o municipio da auga e a pedra, considerada tamén como vila termal onde as fontes de Pardiñas, Guitiriz e Parga son famosas polas súas augas medicinais. É moita a xente que visita este pobo para desfrutar delas e da contorna natural na que se sitúan, porén Guitiriz non é famoso só por ser vila da auga senón polo seu doce amarelo que conquista estómagos dende hai moitos anos. A torta de millo é un doce típico e moi coñecido desta localidade da Terra Chá que garda a súa tradicional receita como un dos seus máis grandes valores.

A historia en torno á orixe deste biscoito artesanal está asociada a unha lenda, hai quen conta que esta receita nace cando os reis da Sagrada Familia visitan a aldea de Boedo. Atoparon en todos os veciños unha negativa de hospedaxe salvo unha humilde familia que lles abriu as portas da súa casa. Foi a raíña quen solicitou á nai da familia que cocinase unha torta utilizando fariña de millo, pero a muller non estaba moi confiada de que o resultado saíse bo. A raíña, ante a falta de confianza díxolle: "é tan certo que de aí vai saír un biscoito boísimo, como que esta aldea se vai inundar", e así foi.

Esta non é a única lenda en torno a torta de millo de Guitiriz, hai outra historia, máis coñecida e difundida que conta que unha fría noite de inverno foi a Virxe a que chegou a unha pequena aldea preto de Guitiriz en busca dun lugar onde pasar a noite sendo rexeitada por moitos veciños ata chegar a unha humilde casa onde unha muller viúva, que vivía cos seus fillos, lle abriu as portas do seu fogar. Tamén lle pediu algo para comer pero a pobre muller gastara todo o seus alimentos nos seus fillos, así que a Virxe sinalou as cinzas da lareira, pediulle que as mestura-

ra con auga e as puxese ao lume. As cinzas transformáronse en millo e de ali xurdiu a torta. Á noite seguinte un forte diluvio arrasou a aldea quedando só a pequena casa que acollera a Virxe. Con moitas cousas en común estas dúas lendas contan unha historia sobre a orixe da torta de millo.

A base de catro ingredientes ovos, azucre, manteiga e fariña de millo a Panadería David leva realizando este biscoito dende 1925 cando Eduviges Rodríguez, natural de Cabanas, chegou a Guitiriz e fundou a panadería. Os primeiros anos vendía empanadas e pan e as tortas só se realizaban en días sinalados do ano e no verán pero co paso do tempo fíxose un produto tan coñecido que dende o ano 1987 só comercializan este. Continúan a realizar a torta de millo de forma totalmente artesanal e con ingredientes cen por cen naturais, sin ningún conservante nin aditivos dando como resultado un produto totalmente único.

A panadería familiar La Esquina tamén conta con gran tradición na vila e levan xa máis de sesenta anos realizando este postre típico da Terra Chá. Durante todos estes anos elaboraron a súa receita tradicional cun proceso de fabricación totalmente artesanal que garante a calidade de cada unha das pezas que comercializan, cun sabor inconfundible e único. Pola súa banda a panadería Gómez levan doce anos facendo esta tradicional torta. A cantidade que fan cada día pode variar moito dependendo do momento do ano, no verán e nas datas onde aumenta a xente que visita Guitiriz a demanda increméntase moito, sendo o pico máis alto en agosto. Ademais da tradicional torta, que tamén realizan de maneira artesanal, esta panadería comercializa dende hai tres anos galletas de millo, coa mesma forma da



torta, unha nova maneira de degustar e desfrutar dun sabor único.

Así, a torta de Guitiriz é un produto único e especial, de degustación obrigatoria se pasamos pola vila para desfrutar desta peza gastronómica feita de maneira artesanal e

que goza de gran tradición. Un momento único para poder probar este produto é o vindeiro domingo 2 de xuño que se celebrará a VII Festa da Torta de Millo de Guitiriz, un evento que contará coa degustación e venda do doce.

Programa do 2 de xuño

O domingo 2 de xuño celebrárase a VII Festa da Torta de Millo de Guitiriz. O evento, que terá lugar no Campo da Feira, contará cunha programación na que destacan, ademais da degustación e venda do doce tradicional do municipio, a música, obradoiros, exposicións, xogos populares e exposicións, venda de polbo, etc.

A programación da sétima edición da Festa da Torta de Millo inclúe, como é habitual, os concertos.

Por suposto, os protagonistas serán os tres establecementos artesáns

de Guitiriz que preparan a torta: Panadería David, Pastelería Gómez e Panadería La Esquina.

No apartado musical, están previstos tres grandes concertos, como o de Fillas de Cassandra, coa fusión de música tradicional galego e pop electrónica desde unha perspectiva feminista.

Tamén estará Mondra, considerado como unha das novas estrelas do trad. E completa o cartel Xurxo Fernández, considerado como unha figura de referencia no panorama da música de raíz de Galicia.

EN BREVE

NUTRICIÓN. Continúa en Guitiriz o programa Xunt@s, creado con actividades gratuítas, de lecer e formación para contribuir ao envellecemento activo no rural a través do impulso da participación cidadá e o asociacionismo. O martes 14 de maio organizarase unha charla gratuítas sobre nutrición e hábitos saudables a partir das 17.00 horas na Casa Habanera.

ITV. A unidade móbil de inspección técnica de turismos estará do 23 ao 28 de maio na vila. A atención ao público será entre as 9.00 e as 13.30 horas e de 15:15 a 18:00, agás o día 28, que será só de mañá. A unidade estará situada no polígono industrial. Para solicitar cita previa hai que chamar ao teléfono 902 309 000 ou a través da web www.sycitv.com.

EXPOSICIÓN. A vida e obra do escultor cambadés Francisco Asorey, homenaxeado no Día das Artes Galegas 2024, chega á escola Habanera de Guitiriz da man dos usuarios e usuarias da Asociación Alume de Guitiriz. A mostra estará aberta ao público desde ata o 31 de maio, na entrada da escola Habaneira. Entre todos os visitantes sortearase unha axenda de edición limitada centrada nas fortificacións das terras e comarcas de Lugo e un calendario homenaxe do escultor Francisco Asorey.

CONCURSO. A Biblioteca Pública celebrou o Día do Libro coa IV edición do concurso literario Tes un conto... Esta iniciativa busca participantes do municipio que envíen os seus relatos creados a partir de distintas palabras aleatorias. O prazo para mandalos remata o 31 de maio. As persoas interesadas deben acudir á Casa Habanera para recoller os dados e as instrucións sobre como xogar. Para aqueles e aquelas que non poidan facelo de forma presencial, existe a opción de solicitarlas no correo biblioteca@concelloguitiriz.com.



**INNOVACION,
COMPROMISO
Y GARANTIA**

ENCAMADORA DE CUBÍCULOS DE 0,7m³, 1m³-1.7 m³ Y 2.1m³

CUIDAMOS EL BIENESTAR ANIMAL



CUCHILLA MAÍZ LATERALES ABATIBLES MODELO MEIRA

ENCONTRARÁS CUALQUIER TIPO DE RECAMBIO AGRÍCOLA



www.corbarsll.com



EXTENDEDOR DE SILO MODELO VIMIANZO CON BOMBOS GALVANIZADOS DE Ø 80/225 E Ø 100/240

¡CONSÚLTANOS SIN COMPROMISO!



CUCHILLA MAÍZ MODELO CORISTANCO



NOVEDAD

RODILLOS AGRÍCOLAS ARRASTRADOS AUTONIVELANTES DESDE 1-2-3- CUERPOS DE 3 A 11 M DE LABOR. TUBOS 711X12, 820X18 Y DE 3000 KG A 8000 KG.

MAQUINARIA AGRÍCOLA CORBAR, S.L. Polígono Ind. O Morelle nave nº 4 - 27614 - Sarria, Lugo // Telf. y Fax: 982 531 463 // corbar@corbarsll.com

EN BREVE

DÍA DA XUVENTUDE. Castro de Rei participará na celebración da segunda edición do Día da Xuventude. Así, están previstos obradoiros de gastronomía saudable, habilidades para a empregabilidade, sensibilización medioambiental, igualdade de xénero, arte urbana, actividades de lecer educativo como fútbol burbulla, fútbol humano, tiro con arco, lego e escape box. Completarase a programación coa actuación musical dalgún artista local ao finalizar a xornada. Será o sábado 11 de maio na praza Maior de Castro de Rei en horario de tarde. Está dirixido principalmente para a mocidade entre 12 e 35 anos.

MATODOSO. A parroquia de Matodoso celebra as súas festas na honra a San Isidro entre os días 17 e 19 de maio. Unha churrascada popular gratuíta abrirá as festas, ás 22.00 horas do venres, que estará amenizada polo grupo Eureka. O sábado as celebracións darán comezo ás 13.30 cunha misa para continuar coa sesión vermú a cargo do grupo Fussion. A verbena da noite contará tamén coa actuación do mesmo grupo, que estará acompañado pola orquestra Cinema. O domingo a misa volverá ser ás 13.30 para continuar despois cunha sesión a cargo do dúo Eclipse, que poñerá o fin de festa. O día 1 de xuño terá lugar unha comida veciñal para completar o programa. A organización lembra que haberá carpa.

ITV. A unidade móbil da ITV estará no Concello este mes. Entre os días 28 e 29 de maio estará na propia capitalidade, na rúa Manuel Becerra, e do 30 de maio ao 7 de xullo en Castro Ribeiras de Lea, no Mercado Gandeiro, para facer as inspeccións técnicas a vehículos agrícolas. O horario de atención será de 9.00 a 13.30 horas e de 15.15 a 18.00 horas agás os días 31 e 7, que será só de mañá. Non se pasará a inspección de vehículos con carga nin a vehículos con apeiros. Para participar é necesario pedir cita previa, chamando ao teléfono 902 30 90 00 ou a través da páxina web www.sycitv.com.

A Deputación inviste na mellora das estradas en varias parroquias

A Xunta de Goberno da Deputación de Lugo aprobou investimentos que suman preto de 3 millóns de euros para a mellora da mobilidade na provincia. O deputado de Promoción Económica e Social, Pablo Rivera Capón, detallou que estes fondos irán destinados á mellora de tres estradas provinciais ao seu paso polos concellos de Castro de Rei e de Antas de Ulla, e á conservación e mantemento da Rede Viaria. Por unha banda, licitouse a obra de acondicionamento dun novo tramo do Cinto Comarcal, a estrada LU-P-1611, ao seu paso polo concello de Castro de Rei, entre os quilómetros 93,665 e 94,395. Cun investimento de 85.000 euros para a drenaxe, fresado da vía, estendido de aglomerado en quente e reposición da sinalización. O prazo de execución será de 3 meses desde que se inicien os traballos.

“A Deputación leva dedicados máis

de 3,3ME ó Cinto Comarcal de Lugo dende que José Tomé Roca é Presidente desta institución”, sinalou o Deputado, para quen “demostran o esforzo investidor enorme que está facendo esta institución provincial na mellora e conservación desta estrada”. Lembrou que o Cinto Comarcal conta con 131 quilómetros de lonxitude, que, polas súas características, “debería ser de titularidade da Xunta de Galicia, como xa temos reivindicado en moitas ocasións”.

Licitada tamén por preto de 150.000€ a mellora da LU-P-1105, de Ponte de Outeiro a Quintela, no tramo que vai do quilómetro 3,365 ó 6,003. Uns traballos que consistirán na reapertura das cunetas, na pavimentación con aglomerado en quente e na reposición da sinalización. Terán un prazo de execución de 3 meses desde o inicio das obras.

Goberno acolle o día 17 a I Xuntanza da Amizade

O campo da festa de Goberno, en Castro de Rei, acollerá o día 17 de maio a primeira edición da Xuntanza da Amizade, organizada pola asociación veciña, sociocultural e medioambiental.

Esta dará comezo ás 14.00 horas coa benvida a cargo do dúo Estrellas, formado polos irmáns Fanego. A continuación terá lugar o xantar popular, no que, a un prezo de 30 euros, degustarase empanada, xamón cocido, paella, sobremesa, bebida, café e licor. Pola tarde haberá máis música co dúo Estrellas e xogos populares con monitor para a cativada.

A fin de semana seguinte, celebra-

rá as súas festas patronais na honra a San Martiño. O 25 a música dará comezo ás 13.00 horas cun concerto dos Valuros, para continuar coa misa solemne e a procesión a partir das 13.30 horas. A sesión vermú e a verbena estará ao cargo da orquestra Alianza, que fará dobre sesión ao mediodía e á noite. A partir das 18.00 horas, haberá actividades con animación e inchables de balde.

O domingo haberá misa ás 13.30 horas seguida de sesión vermú co dúo Epo-K, actuación que porá o punto e final á celebración. Antes da misa, ás 13.00 horas, actuará a Banda Municipal de Meira.

O Concello saca a licitación as escolas deportivas municipais

O Concello de Castro de Rei iniciou o proceso de licitación do contrato das escolas deportivas municipais e actividades de lecer e tempo libre extraescolar e vacacional, co que se pretende favorecer a conciliación familiar e laboral das familias da comunidade educativa ao tempo que se pretende impulsar a práctica físico-deportiva, recreativa e saudable a través da prestación dos servizos de actividades deportivas, piscinas, madrugadores e campamentos de verán, dentro do programa de conciliación da vida familiar e laboral das familias, así como a prestación de diferentes actividades relacionadas co lecer entre as que se atopan o día do neno, actividades de nadal ou Entroido.

O período de duración do contrato unha vez adxudicado, será de dous anos, con posibilidade de prórroga por un ano máis, ascendendo o seu importe base de licitación á canti-



dade de 144.770,64 euros anuais. Dende o Concello valoran “positivamente este servizo que permite a conciliación laboral e familiar, que achegamos a toda a comunidade educativa do concello, con actividades que se celebran nos núcleos de Castro de Rei e Castro Ribeiras de Lea, vinculadas ao CEIP Ramón Falcón e ao Veleiro Docampo

O Castro de Viladonga terá xogos e concertos na Noite dos Museos

O Museo do Castro de Viladonga acolle o sábado 11 actividades pola celebración da Noite dos Museos.

Darán comezo ás 17.30 horas con xogos populares a cargo da asociación Xotramu, que se prolongará ata as 19.30 horas. Unha hora antes dará comezo unha das dúas actuacións previstas, a do grupo Ukestra do Medio. Este concerto, dunha hora de duración, dará paso a outro de I Colori

dell'Armonía, actividade coñecida como diálogos musicais con dous violíns. Nesta ocasión, Mariña García Bouso e Andoni Conde Villar presentan un programa dedicado aos dúos de violín do século XVIII. Ás 20.30 horas rematarán cuns petiscos, bebidas e queimada.

Actividades realizada en colaboración coa Asociación de Amigos do Museo e Castro de Viladonga e o Concello de Castro de Rei.



GRAOS UNIVERSITARIOS

- ENXEÑARÍA AGRÍCOLA E AGROALIMENTARIA
- ENXEÑARÍA CIVIL
- ENXEÑARÍA FORESTAL E DO MEDIO NATURAL
- PAISAXE (Interuniversitario coa UDC)
- ROBÓTICA

Grao Aberto USC Enxeñarías
Dobre Grao en Enxeñaría Agrícola e Enxeñaría Forestal



Todos os títulos
habilitarían con Selo
Internacional de Calidad
EUR-ACE®

<p>Docencia práctica e aplicada</p> <p>Grupos reducidos</p> <p>Prácticas externas (convenios con máis de 500 empresas)</p>	<p>-Titulacións co 100% de empregabilidade</p> <p>-Alta demanda de profesionais dos sectores formados na EPSE: de cada 3 ofertas de emprego ocúpase 1</p>
--	---

Se che atrae o Medio Natural e queres contribuir á procura de solucións intelixentes que fagan da TERRA un lugar habitable e con futuro, este é o teu CENTRO UNIVERSITARIO <https://www.usc.gal/es/centro/escuela-politecnica-superior-ingenieria> Matrícula: www.usc.es

O Concello reformará a escola de San Vicente de Pena cunha axuda

O Concello de Begonte recibiu unha axuda do Instituto de estudos do Territorio para acometer a renovación de exterior da antiga escola de San Vicente de Pena.

Os traballos consistiron na renovación do acabado exterior das fachadas (paramentos, carpintarías, cerrallarías) que supoñan un impacto paisaxístico como consecuencia da inexistencia dun adecuado acabado final, o deficiente estado de conservación ou a tonalidade e/ou a intensidade da actual cor de acabado.

Este proxecto ten un orzamento total de 24.182 euros e a axuda é de 15.821. Os traballos comprenden a instalación de estadas e a execución dun revestimento de fachada



cun sistema de illamento térmico exterior (SATE-ETICS) con acabado en morteiro e cor seguindo os criterios establecidos na Guía de Cor e Materiais de Galicia. Tamén se fará a instalación de canlóns e baixantes para a recollida das augas pluviais e

a modificación de cabreado e caixas existentes na fachada.

Esta antiga escola, que agora está destinada a local social, xa sufrira unha reforma e reforzo de estrutura e cuberta cun obradoiro de emprego.

Saavedra prepárase para as patronais e a Romería dos Milagres

A tradicional Romería dos Milagres de Saavedra repite o seu tradicional programa coa celebración das festas e o horario de misas, que se iniciarán a partir do 14 coa novena á Virxe, que finalizará o mércores 22, con rezos ás 20.00 horas da tarde e misa. Para a parroquia begontesa de Saavedra trátase da festa máis importante do ano coa celebración da festividade en honra á Virxe dos Milagros, que reúne cada ano no santuario da localidade a centos de devotos, que aproveitan a data para

facen unha andaina ata a igrexa.

As celebracións relixiosas comezaran o día 19, domingo, con misas ás 11:30h, 11:30 e 12:30h e pola tarde a novena, ás 20.00 horas.

O día propio dos Milagres, o mércores 24, as cerimoniais relixiosas serán cada hora dende as 7.00 ás 13.00 horas pola mañá e de 17.00 a 20.00 horas pola tarde. Para o sábado 25, volverán os oficios ás 12.30, 13.30 e 20.30 horas para rematar o domingo con outras tres misas, todas de mañá, ás 11.30 horas, 12.30 e 13.30 horas.



E xunto coa Romería volven tamén as festas patronais, que terán como primeiro día de celebración o venres 24 coa actuación de Manhattan en sesión vermú e verbena, esta última xunto a Cinema.

Xa a fin de semana continúa a programación coa participación co grupo Punto Clave en sesión vermú e Saudade e repetición de Punto Clave pola noite. O domingo rematará o programa con grupo La Hora Bruja en sesión vermú.

A Festa da Xuventude de Begonte amplíase cun torneo de tute

Begonte prepárase para celebrar o sábado 18 de maio a Festa da Xuventude, que organiza o Concello, unha celebración na que se busca ofrecer unha alternativa de ocio á xente moza do Concello cunha ampla programación.

A festa volve celebrarse no club fluvial de Begonte e abrirá a programación ao mediodía coa actuación do grupo Arizona en sesión vermú. Durante a tarde desenvolveranse numerosas actividades. Unha delas consistirá na celebración do segundo Open de fútbolín de modalidade de parado, que se iniciará ás 16.00 horas. Haberá dúas categorías, con 8 premios na de Elite e catro na de primeira con recompensas de entre 600 e 30 euros para os participantes. A inscrición é gratuíta.

Outra das actividades da tarde será a festa do baloncesto, que terá lugar a partir das 18.00 horas no mesmo club fluvial coa participación de Maximus. Completa a programa vespertino un campionato de tute e unha xornada billardeira. Tamén están previstos xogos populares para todas as idades.

O torneo de tute comezará ás 17.00 horas para un mínimo de 16 parellas. Haberá tres premios para os gañadores e tres para os de repesca. NO primeiro caso serán 200 para o primeiro, 100 para o segundo e o terceiro será un agasallo, igual que para os tres primeiros da repesca.

Á noite, ás 21.30 horas está progra-



mada unha cea, que inclúe bebida, empanada, chourizo e churrasco antes da música das orquestras Olympus e Arizona en sesión verbena. Ademais, está prevista a fin de festa co DJ Ello.

O Concello ten á venda uns packs por 15 euros que inclúen a cea, unha camiseta, bolsa e pano para a cabeza. Os packs están xa á venda no Concello en horario de mañá.

FESTA DO MAIOR. O sábado 11 celebrarán a Festa do Maior, que dará comezo ás 13.00 cunha misa na igrexa parroquial de San Pedro. Ás 14.00 dará comezo o xantar no pavillón do colexio Virxe do Corpiño para continuar ás 16.00 cunha actuación musical e sorteo de agasallos. O peche dos actos será ás 20.00.

Dende a organización informan que haberá servizo de transporte de ida e volta para as parroquias previa inscrición.

AGENDA CULTURAL DE GALICIA

Conciertos
Ferias ■ Festivales
Fiestas ■ Infantil
Humor ■ Gastronomía
Teatro ■ Cine...

¡NO DIGAS QUE NO LO SABÍAS!
OCIO EN GALICIA
www.ocioengalicia.com

abadín



O obradoiro de emprego céntrase no Camiño entre Gontán e Abadín

Os participantes no obradoiro de emprego Terra Chá no Camiño IV está a traballar estes días en Abadín na mellora de infraestruturas no Camiño de Santiago entre las localidades de Abadín e Gontán.

Actualmente traballan na instalación dunha valla de madeira na beirarrúa.

Durante un ano, os alumnos e alumnas, que comezaron en novembro, recibirán formación teórica e práctica, e ao rematar o obradoiro obterán un diploma que acredita a súa nova cualificación profesional. Este obradoiro está compartido con Vilalba, onde se ocupan da dixitalización do arquivo e das zonas verdes.

AXENDA DE ACTIVIDADES

RUTA. A asociación de Cabaleiros de Labrada celebrará o 8 de xuño unha nova edición da súa Ruta Cabalar ao San Antonio, en concreto número XI, que terá lugar pola mañá con saída do Campo da festa de San Antonio de Labrada. O programa desta sesión non está aínda publicado, pero espérase que como en edicións anteriores se celebre un xantar como colofón da ruta, deixando paso pola tarde a unha sesión musical. Como en edicións anteriores espérase que haxa sorteos e agasallos para os participantes. A ruta non terá carácter competitivo e cada participante deberá responsabilizarse do seu cabalo.

CABANEIRO. A parroquia de Cabaneiro, no concello de Abadín celebra as súas festas na honra a Virxe

do Carme esta fin de semana. As celebracións darán comezo o sábado 18 de maio ás 13.30 cunha misa solemne e procesión para continuar cunha sesión vermú a cargo de Los Adrianos. Xa pola noite, a verbena estará amenizada por de novo pola mesma orquestra xunto a Adolfo Valiño DJ. O domingo celebrárase a misa con procesión ás 13.30 e rematarán as festas cunha sesión vermú a cargo do trío Meringue.

PAI. O Concello de Abadín abriu p mércores 1 de maio o prazo de solicitudes de reserva de praza e de novo ingreso no Punto de Atención á Infancia para o vindeiro curso 2024/2025. Estas deberán realizarse no prazo comprendido dende o 1 de maio ata o 15 de xuño de 2024.



A vila recibe a bandeira verde na campaña pola compostaxe

A Xunta de Galicia recoñeceu o compromiso do Concello de Outeiro de Rei co medio ambiente e a conservación da paisaxe coa concesión da bandeira verde de Galicia, un distintivo que este municipio recibe por terceira vez e que busca fortalecer a imaxe das vilas e pobos máis comprometidos nos ámbitos ambiental, paisaxístico e de respecto ao patrimonio natural.

Durante o izado deste distintivo no concello lucense, o director do Instituto de Estudos do Territorio (IET), Enrique de Salvador, puxo en valor a ampla actividade municipal no ámbito da ordenación do territorio e da protección do ambiente e da paisaxe. Nesa liña, salientou con actuacións como o acondicionamento das rutas de sendeirismo, incluíndo o desenvolvemento dunha páxina web e dunha app cos distintos itinerarios, e do miradoiro da paisaxe de Paraños, onde se transformou a antiga torre e vixilancia contra incendios nun observatorio.

COMPOSTAXE. Neses días, nas in-



mediacións do concello colocaron unha carpa ao obxecto de dar información sobre compostaxe doméstica e promover o uso destas prácticas de dentro dos hábitos de vida diaria. A campaña de compostaxe doméstica promovida polo Concello está destinada a aquelas persoas que residan nalgunha vivenda unifamiliar do municipio e dispoñan de xardín e/ou horta. A principal característica deste tipo de compostaxe é que se realiza a pequena escala, empregando compostadores de uso individual que se colocan na horta ou xardín de

cada casa o que permite xestionar os residuos orgánicos xerados sen necesidade de desprazarse, ademais de obter compost propio dunha forma sinxela e limpa.

A instalación desta carpa foi o punto de partida para o reparto gratuito de 50 composteiros individuais; xunto ao composteiro fíxose entrega dun aireador de compostaxe, un cubo pequeno previsto para a recollida in situ dos residuos orgánicos e un tríptico informativo. As persoas que desexen un composteiro poden solicitarlo nas oficinas municipais.

Abre o prazo para estar na Feira de Artesanía

O Concello de Outeiro de Rei organiza a décimo sexta edición da súa tradicional feira de artesanía que terá lugar o sábado 6 de xullo.

Un ano máis, as tradicionais seccións de artesanía e de produtos de alimentación buscarán ofertar ao público unha ampla mostra de artigos únicos de calidade de diferentes especialidades porque ao igual que nas edicións pasadas, o Concello de Outeiro de Rei tratará de dar cabida á maior variedade posible de oficios e de produtos artesanais.

A tal efecto, o Concello de Outeiro de Rei abre o prazo de inscrición para participar na feira de artesanía polo que as persoas que desexen asistir como expositores poden solicitar a súa participación no Servizo de Emprego e Desenvolvemento Local a partir do día 6 de maio ou

nos teléfonos 982 393 382/ 982 393 281, en horario de 9:00 h a 14:00 h.

O Concello de Outeiro de Rei ofrece aos expositores admitidos que non veñan co seu propio posto un espazo cuberto para expoñer (en *jaimas* ou similar e sen custo).

Á hora de obter posto valorase a dedicación profesional á actividade artesanal ou alimentaria. Neste sentido, terán prioridade os talleres artesanais e as persoas dadas de alta na Seguridade Social e con carta de artesanía en vigor.

Igualmente, preténdese que na feira exista o maior número de oficios artesanais representados valorándose a calidade dos produtos, a presentación dos postos e a colaboración co Concello na realización de demostracións e talleres.

PSOE pide unha ordenanza de benestar animal

A agrupación socialista pediu no pleno que o alcalde que proceda á aprobación inmediata dunha ordenanza de protección e benestar animal. Así o informou a voceira do PSOE de Outeiro, Carmen Acacio, quen engadiu que o seu partido pedirá que a normativa a redacte un grupo de traballo no que participen os axentes sociais representativos e que se "articulen os fondos necesarios".

"Nun concello de 5.300 habitantes é inconcebible que non haxa instalacións para acoller animais extraviados ou abandonados, nin protocolo de recollida e coidado, nin control das colonias felinas, nin campaña de esterilización cirúrxica, nin xestión destas", subliñou Acacio. Para a voceira socialista, unha ordenanza "é un instrumento idóneo" no que recoller os dereitos e obrigas dos veciños e veciñas con respecto ás súas mascotas e animais de compañía.

- CONSULTORIO DE MASCOTAS E CLÍNICA DE ANIMAIS DE GRANXA
CO ANUNCIO RECORTADO 10% DE DESCONTO EN VACINAS E MICROCHIPS

CHAIREGOS
 SERVICIOS VETERINARIOS

R/ Gabriela Nieto Chain, nº 20
 (O Ramal) Rábade
 Telf. 982 871 103

URXENCIAS
 24 HORAS

Abre o prazo para anotarse aos campamentos de verán municipais

O Concello abre o prazo de inscrición para os campamentos urbanos que se realizarán do 1 ao 5 de xullo para os nenos e nenas de 4 a 7 anos e do 8 ao 12 de xullo para os nenos e nenas de 8 a 12 anos.

Ao ser limitado o número de prazas (30 por campamento) estas cubriranse por rigorosa orde de solicitude tendo preferencia os/as nenos/as empadroados no concello e o alumnado do CEIP Laverde Ruíz con respecto ás solicitudes de fóra. O prazo para anotarse permanecerá aberto do 2 ao 31 de maio ou ata cubrir prazas.

Nos campamentos realizarán actividades como obradoiros, xincanas, xogos de equipo, irán ao parque acuático de Cerceda, etc.

Teñen un; custe de 30 euros o primeiro e de 40 euros o segundo, que deberán aboarse sempre antes de rematar o prazo de inscrición.

Pódense reservar as prazas nas oficinas municipais da Casa da Cultura de 10:00 h a 14:30 h ou chamando ao 982 393 408.

O Matela reclama ao Concello o arranxo das súas instalacións

A Agrupación Deportiva Matela fixo chegar ao Concello de Outeiro de Rei unha reclamación na que solicita que se melloren as instalacións deportivas que teñen. O club foi fundado en 1987, sendo un dos equipos máis antigos do concello, e ten na actualidade como campo de xogo o Municipal de San Lourenzo de Aguiar, sendo o único equipo de fútbol federado do Concello de Outeiro que xoga os seus partidos como local nunha parroquia rural.

Dende a Agrupación Deportiva Matela denuncian “o abandono e o desleixo que o noso campo de xogo, de propiedade municipal, leva padecendo por parte do Concello de Outeiro de Rei dende hai moitos anos, así como as precarias condicións nas que temos de desenvolvernos para poder adestrar a diario ou xogar os nosos partidos como locais”.

Segundo explican tanto os accesos ao campo, como o propio campo de xogo ou os vestiarios de árbitro e xogadores non compren para nada os mínimos parámetros de dignidade para a práctica deportiva, chegan-



do incluso a ter elementos que non compren a lexislación vixente neste momento. “Esta situación resulta insoportable para xogadores, tanto locais como visitantes, así como para os afeccionados, transmitindo ademais unha imaxe vergoñenta do Concello cara as persoas que nos visitan”, engaden.

Aseguran que o alcalde é perfectamente coñecedor desta situación dende hai anos, “non facendo absolutamente nada para evitala, máis

ben ao contrario, pois nin sequera se lles permite aos xogadores do Matela adestrar nin xogar no outro campo de fútbol municipal, que si están nunha situación moito mellor e no que si se lles permite adestrar a equipos de fóra do concello e mesmo facer torneos”, protestan.

Ante esta situación, presentaron un escrito ao Concello de Outeiro e aos grupos municipais presentes na Corporación explicando toda esta problemática e pedindo axuda urxente.

EN BREVE

SAN LORENZO DE AGUIAR. A parroquia de San Lorenzo de Aguiar celebrará as súas festas os días 25 e 26 de maio. O sábado ás 13.30 darán comezo as celebracións cunha misa solemne para continuar cunha sesión vermú a cargo da orquestra Trébol. Xa pola noite a verbena contará coas actuacións de novo de Trébol e a orquestra e trío D’Nika. O domingo a misa será tamén ás 13.30 e como final de festas unha sesión vermú amenizada polo grupo Alba. Dende a organización informa que o campo da festa estará cuberto cunha carpa.

SAN MARTÍN DE GUILLAR. As festas darán comezo o venres 7 de xuño en San Martín de Guillar na honra a San Antonio o venres, cunha churrascada para todos os veciños e colaboradores. Despois dará comezo a primeira verbena, con Tania Veiras e Eureka. Ao día seguinte haberá misa solemne ás 13.00 horas con procesión e sesión vermú. Esta estará ao cargo de Los Españoles, que tamén tocarán na verbena xunto a Cinema. O domingo 9 chegarán as festas ao seu final coa sesión vermú, que estará a cargo do dúo Eclipse. Esta terá lugar despois dos oficios relixiosos.

6º **Friulio**
Castrexo-Romano

11 e 12
maio
MMXXIV

Friol
[Lugo]

Friol
Concello

A CASTROTELA

As asociacións de veciños de San Adriano de Lourenzá e Augaxosa preparan a Romaría das Cruces

A Asociación de veciños de San Adriano de Lourenzá e a de Augaxosa preparan para o vindeiro sábado 25 de maio a Romaría das Cruces.

Esta cita tradicional contará coa camiñada ás 10.30 horas dende a Cruz de San Adriano para chegar a Augaxosa en Riotorto onde haberá un gran xantar e baile. Ás 12.00 saíran os veciños de Augaxosa, desde a igrexa da Muxueira ata a Veiga, facendo un tramo en común os dous grupos.

Ás 13.00 horas será a misa solemne e a sesión vermú con Verónica Cambón.

Os tickets para a comida están a venda no Xiraldó e á propia asociación de veciños ata o 21 de maio, e constará de bola das cruces, churrasco con chourizos, ensalada, sobremesa, café, bebida e licor.

O prezo é de 27 euros adulto e 12,5 para nenos de 6 a 12 anos.

Iglesias confirma que o PSOE apoiou a denuncia do concelleiro pola auga

O Concello recibiu a notificación do TSXG na que consta que foi o PSOE o que pagou os 1.000 euros de costas xudiciais que lle foran impostas a un veciño, nese momento concelleiro socialista, por unha sentenza do Xulgado do Contencioso que avalaba o proceder do Concello ante unha denuncia relacionada co servizo municipal de abastecemento de auga.

O alcalde de Riotorto, Clemente Iglesias, considera que "se corrobora que era unha cuestión política" e que "o PSOE estaba detrás desta denuncia ao Concello por cumprir cos procedementos administrativos a través dos que se lle requiría que cumprise coa normativa igual que o resto de veciños e veciñas". Requiríuselle ata en dúas ocasións que colocase o contador no camiño público e ao lado da tubaxe xeral municipal para que



registrara o consumo de auga. O rexedor cre que "os concelleiros temos que ser os primeiros en dar exemplo" e defende que "o Concello non pode permitir tratos de favor" porque "beneficiar a uns supón discriminar aos demais". O TSXG comunica que procederá á devolución do importe ingresado polo PSOE por non ser parte do procedemento. Contra a dilixencia cabe interpoñer recurso de reposición no prazo de 5 días.

A Feira da Artesanía do Ferro promocionou unha tradición centenaria



Riotorto celebrou a 15ª edición da Feira da Artesanía do Ferro, coa que colabora a Deputación a través dunha achega de 4.000 euros. A festa contou ademais con talleres de ferro, demostracións de diferentes oficios, unha exposición de artesanía e produtos do campo. Tamén actuou o coro de Riotorto e a charanga NBA, celebrouse un obradoiro de ferro infantil e un espectáculo de lume e malabares.

A feira contou coa presenza da conselleira do Medio Rural, María José Gómez, acompañada polo alcalde de Riotorto, Clemente Iglesias, que puxo de relevo a importancia de eventos deste tipo que contribúen á dinamización das zonas rurais. Pola súa parte, a deputada de Muller e Igualdade, Marisol Morandeira, puxo en valor a artesanía da provincia de Lugo.

Tamén acudiron o vicepresidente da Deputación de Lugo Efrén Castro e o deputado de Rural, Mar e Mocidade, Daniel García, que contemplaron o espazo do ferro, con demos-

tracións en vivo e postos de venda dos ferreiros riotortenses Manuel Alonso, Agustín Iglesias, José María Cabo, Óscar Villada e Amando González, ademais de artesáns do ferro do Corgo, Compostela, Culleredo ou Navarra e Alcalá de Henares.

O eixo principal da celebración foron as demostracións en vivo, pero o programa contou cun gran número de actividades, entre as que non faltou a música e un espectáculo de lume. Destacaron as actividades para a cativada, en horario de mañá e tarde.

A tradición do ferro en Riotorto remóntase a varios séculos atrás, como reflicten os mazos, forxas ou moas que se espallan polo concello e a toponimia dalgúns núcleos poboados (Ferreiravella, O Mazo, Carboeiro, A Ferrería...). Distintos traballos e investigacións, desde a obra do etnógrafo Xaquín Lorenzo ás investigacións do estudioso local Miguel Abreira Pérez, téñense detido na fonda cultura do ferro que acobilla Riotorto.

O Concello lembra a obriga de cumprir o novo Plan contra os incendios forestais

O goberno local de Riotorto lembra aos propietarios de terreos a mantelos nun estado axeitado de limpeza e coa masa vexetal rozada nunha franxa secundaria de 50 metros desde o límite do núcleo rural, urbano e tamén das vivendas que se atopan illadas e non están dentro do núcleo.

Esta norma está dentro do Plan

municipal de prevención e defensa contra os incendios forestais da Xunta de Galicia, que foi aprobado no recente Pleno.

O Plan obriga tamén a non ter plantados pinos e eucaliptos dentro desa franxa de 50 metros.

Comezará unha campaña de vixilancia e inspección para comprobar o cumprimento desta lei que,

en caso contrario, levará "o inicio de expedientes sancionadores" aos titulares das fincas.

Dito Plan está a disposición dos veciños nas dependencias municipais e poderán consultalo no prazo de 30 días a contar desde o día seguinte da publicación no BOE. Tamén está nas redes sociais do Concello.

BOSCH Service

¡Para todo lo que tu automóvil necesita!

HUSQVARTNA Bosch y Jorda CARLOS

Reparaciones Carlos, S. L.

Xermar, 2 - 27377 COSPEITO (LUGO)
Tel.: 982 503 356 - Móvil: 660 476 319
jcpnelas@bosch-bcs.com

NOEL LÓPEZ PINÍN
• NUTRICIÓN •

MEJORA TU ALIMENTACION Y RECUPERA TU SALUD

AHORA TAMBIÉN EN VILALBA, TODOS LOS JUEVES EN DOS SANTOS ESTILISTAS.

C/ Armanyá 5, bajo - Lugo 27001 • Tels.: 982 580 322 / 637 310 437
facebook: Noel López Pinín - Nutrición - • Instagram: @noelnutricion
www.dietistanoel.com

Registre sanitario: C-27-001378

O BNG presenta iniciativas polo mal estado do PAC no Parlamento

O Bloque Nacionalista Galego, a través da súa deputada Olalla Rodil presentará iniciativas no Parlamento Galego para denunciar o estado de abandono e as promesas incumplidas pola Xunta de Galiza coa veciñanza adscrita ao PAC de Meira.

Faino despois dunha xuntanza coa veciñanza afectada por esta situación do PAC de Meira ao que esta adscritos os concellos de Pontenova, Riotorto, Ribeira de Piquín, Meira, Pol e A Pastoriza.

A Xunta leva dende o 2021 vendendo reformar o edificio do Pac de Meira que non chega nunca. Venduse que se faría unha reforma consistente en “ampliación para instalar servi-

zos como unha consulta de enfermaría pediátrica, unha sala polivalente, unha sala de técnicas (probos complementarias, citoloxías...), un almacén ou unha sala de limpeza. Tamén se adaptarán os aseos, a recepción e o arquivo, entre outros traballos”, tal e como recolle a nota de prensa publicada pola propia Xunta.

En 2022 volveron vender fume publicando na web de Contratos de Galicia a contratación para a realización do proxecto básico e de execución e dirección de obra da ampliación e reforma do centro de saúde de Meira (provincia de Lugo) por valor de 158.844,15 con IVE.

Este procedemento de contratación

resolveuse con data 27-12-2022 e un importe de 127.050,00 € establecéndose un prazo de 6 meses para a execución do mesmo. Pasaron os 6 meses e nada se fixo.

Un ano despois, en novembro de 2023 o conselleiro de Sanidade visitou Meira para anunciar o “compromiso da Xunta de Galiza co Concello de Meira” coa reforma do Centro de Saúde cunha partida orzamentaria de 200 mil euros. É dicir, anunciar de novo o xa anunciado e adjudicado mais nunca executado contrato de reforma do Centro de Saúde de Meira.

“Para o Bloque Nacionalista Galego todo o acontecido arredor da neces-



saria reforma e ampliación do centro de saúde de Meira que acolle tamén o servizo de PAC da comarca é simplemente vergoñento e inadmisíbel. Ao longo deste anos o Partido Popular non só incumpriu os seus propios anuncios senón que parece tomar por parva a veciñanza anunciando o mesmo con dous anos de diferenza” explica a deputada nacionalista

“Isto lévanos a pensar que tanto a Consellaría de Sanidade como o alcalde de Meira lles esta a tomar o pelo á veciñanza de Meira, e instarémolos a que nos digan cando pensan cumprir todos eses compromisos que teñen coa veciñanza de Meira e concellos da comarca afectados” rematou dicindo Olalla Rodil.

Convocada a IV edición da Baixada de Carrilanas para o 1 de xuño

A Asociación de carrilanas Os Meiregos presentou xa o seu cartel para a cita deste ano, a que sería a IV Baixada Vila de Meira e que ten como data de celebración o 1 de xuño.

A inscrición para este evento xa está aberta e ten como data límite o 29 de este mes. Como sempre, esta pode facerse a través da web e das redes sociais da federación de deportes de inercia ou as redes sociais da asociación organizadora.

A proba dará comezo ás 16.00 horas pero durante toda a mañá haberá verificacións e adestramentos desde as 11.00. Haberá ás 14.00 horas uns petiscos para os participantes. Consistirá en unha manga de ades-

tramentos e a continuación as dúas mangas oficiais.

O percorrido de Meira, de preto de tres quilómetros, arrincará xunto aos eólicos para pasar polo Pedregal de Irimia e finalizar na aula da natureza. “Cun desnivel de 289 metros e unha pendente media do 10%, esta pista desafia ata aos corredores máis experimentados. O trazado conta con un espectacular salto, onde se reúnen a maioría dos espectadores”, relata a organización. Esta proba é puntuable para a Copa Galicia 2024 e repartirá premios para os tres mellores de cada categoría e schatch xeral. Ademais haberá un premio sorpresa ao piloto máis rápido.



AXENDA DE ACTIVIDADES

DANZA 3. O colectivo XOC promove por 12º ano consecutivo o programa Danza 3 para a difusión da música e do baile tradicionais de Galicia. Cantigas e Agarimos iniciará a súa participación neste 12º Danza 3 co espectáculo musical que ofrecerá en varias localidades pero visitará Meira o 25 de agosto..

CONFRARÍA. A confraría Nosa Señora do Pedregal de Meira celebrará o día 17 a súa xuntanza anula, que dará comezo ás 12.00 horas cunha asemblea xeral na igrexa, antes da misa, que dará comezo ás 13.00 horas. Finalmente xuntaranse todos para a súa comida no pavillón municipal de Meira. As persoas que desexen participar poderán comprar os tóckets na librería O Pe-

dregal a un prezo de 15 euros para socios e 25 para o resto.

ITV. A unidade móbil da ITV agrícola estará entre o 13 e o 15 de maio e o 20 do mesmo mes no Concello de Meira, para atender a todos os veciños do termo municipal. Ademais, o día 8 as revisións realizaranse en ciclomotores. Finalmente, entre os días 14 e 21 de maio estarán na localidade para as inspeccións de turismos. A atención ao público será entre as 9:00 e as 13.30 horas e de 15:15 a 18:00, agás os días 16 e 21, que será só pola mañá. A unidade estará situada nos aparcadoiros do Campo do Plantío. Para solicitar cita previa hai que chamar ao teléfono 902 309 000 ou a través da web www.sycitv.com.

VIII
ROMAXE
artesanía da
Chaira

MAIO | 25 | 2024
A VEIGA.MURAS

MOSTRA DE ARTESANÍA . XOGOS TRADICIONAIS
MAXIA . CHARLAS . OBRADOIROS
CONCERTOS

www.muras.gal

ORGANIZA: MURAS CONCELLO
COLABORAN: DEPUTACIÓN DE LUGO Cultura VICEPRESIDENCIA

Unha campaña axuda á familia afectada por un incendio



A ANPA do colexio Otero Pedraio iniciou unha campaña de recollida de roupa para axudar á familia que o perdeu todo no incendio que tivo lugar na vila. Así, é o colexio o que centraliza a recollida de roupa ou calquera outro material que se considere imprescindible para os afectados, que son tres nenos, de 9, 10 e 13 anos e catro nenas de 2, 6, 8 e 12 anos. O Concello ocupouse de reaxostrar ás 13 persoas afectadas polo lume e agora buscan entre veciños e concello un lugar para que residan de forma continuada.

Ningunha persoa resultou afectada polo lume, que afectou a dous bloques de vivendas. Orixinouse na da familia e estendeuse ao do lado, desocupada naquel momento, e que viña de ser rehabilitada polo seu propietario.

O 112 tivo constancia do suceso a través dos profesionais de Urxencias Sanitarias de Galicia, pouco antes das 11.30 horas. Á súa vez, eles recibiran o aviso dun veciño, quen explicou que saía fume dun ático na rúa Gabriela Nieto Chan.

Rapidamente, á zona desprazáronse os servizos de emerxencias primeiro de Vilalba e logo de Sarria, que confirmaron que o fume se propagara ao longo de toda a rúa, aínda que, por fortuna, os veciños conseguiron saír ao exterior polos seus propios medios. Ao mesmo tempo, comprobáronse como as chamadas afectaban tamén o bloque de edificios contiguo. Ámbalas dúas vivendas quedaron completamente calcinadas e os bombeiros tiveron como labor principal que non se estendera.

A ilusión tras do festival Entrepontes

O colectivo Fillos do Chaira é o responsable desta cita e doutras que dinamizan a vida cultural de Rábade

Rábade prepárase para celebrar este mes de maio a segunda edición do festival de música Entrepontes, no que se espera, como pasou o ano pasado, encher a vila de afeccionados á música.

Pero detrás deste gran proxecto hai tamén un colectivo, Fillos do Chaira, que desde a elección do seu nome ata as actividades escollidas, ten como finalidade impulsar o acervo cultural rabadense.

Fillos da Chaira está formada, como o seu propio nome indica, polos herdeiros da asociación Chaira, fundada pola xeración precedente e que era un referente das festas de agosto. Este antigo colectivo abría un local durante as celebracións estivais no que se mesturaban todas as xeracións. Sobre o 2015 esta asociación esmoreceu e no 2019 os herdeiros toman a testemuña e emprenden unha nova aventura cultural.

Como os seus predecesores abriron un local durante as festas de agosto e como primeira actividade recuperaron un vídeo do paso dos veciños por un programa de televisión que puxeron en aberto para todos. Animados pola resposta veciñal comezaron a realizar máis actividades, como unhas charlas científicas, que se facían nun bar, como unha proposta cultural diferente.

Porén, chegou a covid-19 e a súa actividade, que acababa de nacer, freou en seco. Pero non se deixaron desalentar polo virus e aproveitaron para facerse cun local propio para retomar o programa do 2022. Volveron coller o local das festas e, ao ano seguinte, xa se plantexaron o gran proxecto do colectivo, que é o festival Entrepontes, “algo que víamos coma un sono pero que a base de esforzo conseguimos que fose unha realidade”, explica a secretaria, Alejandro Vilar.

Malia o *stand by* no que quedou a cultura, o colectivo seguiu crecendo, desde os 12 que comezaron ata os 17 que actualmente conforman unha directiva de veciños e veciñas

de entre os 25 e os 35 anos.

Así, pouco a pouco foron ideando novas formas de ofrecer actividades do gusto da veciñanza. Celebraron algún concerto, unha sesión de monólogos, unha festa dos 80 e houbo unha pequena actuación de teatro dun dos asociados, estudante de Arte Dramático.

ACTIVIDADES CONSOLIDADAS. Naceu tamén despois do verán outra das actividades estrela da programación, o club de lectura, unha reunión mensual na que 20 persoas fieis debaten sobre un libro durante unha xuntanza na que conviven cultura e ocio. “É sen dúbida un logro manter activa mes a mes esta actividade, nas que non hai barreiras de idade, xa que os participantes son de todas as xeracións”, di Alejandro.

A outra actividade consolidada son os documentais falando de Rábade. Trátase dunha proposta audiovisual na que entrevistan a un grupo de maiores para que fale do pasado da vila. O primeiro fíxose no 2021 e entrevistaron a aqueles que naceron antes de 1940. O ano pasado foi a



vez do grupo de idade entre 1940-1945. “Recollemos testemuñas de como era a vila, montámolo e logo proxectámolo nunha sesión aberta. Cremos que é un proxecto moi interesante que cohesiona a vila e os protagonistas tamén disfrutaban de contar estas cousas”, aclara Alejandro.

O FESTIVAL. Pero a actividade máis representativa de Fillos do Chaira é o festival. A idea xurdiu pola afección da maioría dos seus membros aos festivais, nos que teñen unha ampla experiencia. “Queríamos intentar que Rábade tivera algo como isto,

para que a xente puidera disfrutar, para poñer Rábade no mapa pero tamén para traer xente nova, cremos que lles pode amosar un ocio diferente”, lembra o secretario da asociación.

A primeira edición foi “fantástica”, segundo as súas palabras, “a resposta do pobo foi moi boa, os artistas quedaron moi contentos e para nos foi un empurrón importante”.

Ninguén dubida que a organización dun festival require moito esforzo, “que moita xente da asociación pase moito tempo de forma altruísta traballando neste proxecto” por iso non deixa de ser o logro máis importante ata a data. “Cando tomamos a decisión non sabíamos como ía saír e é un orgullo que fora tan ben”.

O festival de Entrepontes é agora mesmo o centro de traballo de Fillos do Chaira “e ata que termine a cabeza non pode estar noutro sitio”, polo que non teñen claro cara onde seguirán, aínda que están barruntando algún plan, pero nada definido. O tema musical gusta moito no colectivo polo que están a darlle voltas a idea de facer concertos de pequeno formato.

Para poder facer isto necesitan unha certa infraestrutura, xa que o local que teñen é pequeno e non está preparado para moito público. Así, sosteñen que unha das súas carencias é o espazo. “Si estivéramos mellor preparados, poderíamos conseguir unha programación musical de forma continuada, ese é un dos nosos obxectivos a medio prazo”.

O PROGRAMA DO FESTIVAL

A segunda edición, do Festival Entrepontes, que terá lugar o 25 de maio, volverá ser unha cita coa música gratuíta para os asistentes.

A primeira confirmación do festival foi o grupo Lontreira, ao que seguiu o representante do celtic punk Teacor Societario. Outro dos grupos que completan o cartel do Entrepontes será Berta Fránklin, que cautivará coa súa mestura de soul, psicodelia, new-wave e rock actual. Rábade tamén será o escenario para a estrea de Catalina Grande Piñón Pequeno en Galicia, onde ofrecerán a súa primeira actuación nun festival da comunidade.

E para a sesión vermú, algo de hu-



mor, estarán no Entrepontes The Teta's Van coas súas versións do rock'n roll. Pecha o cartel Marqués de Vilapodre DJ, que fará unha sesión cos mellores temas para que a troula continúe.

ATABERNA

T: 982 510 061

facebook/ataberna.vilalba
info@atabernavilalba.com

www.atabernavilalba.com

DISFRUTA CON TUS AMIGOS
OLVIDATE DE TODO Y SABOREA
NUESTRA CARTA
REVUELTOS
HAMBURGUESAS
PASTAS
ALCO PARA
RACIONES
ALCO PICAR
SABOREAR
TORTILLAS
FRESAS DE VERANO
ENSALADAS
RAXO PATATAS
COMPARTIR TAPAS

Asesoría Enerxética
Terra Chá



CONTRATACIÓN - RECLAMACIÓN
SUBVENCIONS
ILUMINACIÓN LED
CERTIFICACIÓN ENERXÉTICA
INSTALACIÓN FOTVOLTAICAS

Tel.: 669 761 869 - info@enerxiaterracha.es - www.enerxiaterracha.es

Programan a mellora do campo de fútbol local



O Goberno local do Concello de Rábade mantivo un encontro co delegado de Lugo da Federación Galega de Fútbol, Carlos Negrín, para estudar posibles vías de colaboración de cara a acometer melloras no campo de Cuatro Vientos.

Na xuntanza participou a alcaldesa, Reme González, e os concelleiros Luis Novo e Carlos González, así como o delegado e o arquitecto da Federación Galega de Fútbol. Todos eles visitaron o campo para coñecer o seu estado actual.

Na súa visita, os membros da Federación Galega de Fútbol comprometéronse a avaliar posibles axudas da entidade para a construción das obras de mellora dos novos vestiarios, así como do propio terreo de xogo, unha actuación que se inten-

tará acometer antes de que rematen as obras do peche das gradas, das que se encarga a Deputación Provincial.

Novas posibilidades para o campo Desde a Federación Galega de Fútbol van presentar un proxecto para o campo Cuatro Vientos no que se estudará ademais a posibilidade de adaptalo a herba artificial para poder ter campos de fútbol de categorías inferiores ante a escaseza de espazos para xogar competicións destas características na Comarca de Lugo.

O Goberno local do Concello de Rábade agradece a boa disposición da Federación Galega de Fútbol para poder acometer estas melloras “necesarias para garantir a as competicións nas mellores condicións”.

Presentan o programa de actividades infantís para os meses de verán

No marco do Programa Corresponsabilidade e co obxectivo de favorecer a conciliación das familias, o Goberno local do Concello de Rábade da a coñecer o programa Rapatiando 2024 co que enche de actividades infantís os meses de xuño, xullo e agosto. As actividades contan co financiamento da Xunta de Galicia.

A programación deseñada polo Goberno local dará comezo en xuño cun Campus de Patinaxe, que se vai desenvolver na localidade os días 24, 25, 26, 27 e 28 de xuño en horario de 09:00 a 14:00 horas destinado a nenos e nenas de 4 a 16 anos. O prezo é de 30 euros.

Do 8 ao 12 de xullo será a quenda do Campamento de verán, ao que poden anotarse nenos e nenas de 8 a 12 anos. O seu horario será de 10:00 a 20:00 horas. O prezo é de 40 euros.

Do 1 ao 12 de xullo levarase a cabo o Campamento Urbano para nenos e nenas de 4 a 12

anos en horario de 09:00 a 14:00 horas. O prezo é de 30 euros.

Os luns e mércores do 1 de xullo ao 14 de agosto ponse en marcha a actividade gratuítas ‘Coñecendo o Miño’ para nenos e nenas de 8 a 16 anos en horario de 11:30 a 13:00 horas.

Por último, o alumnado da ESO e 1º de BAC pode participar no Campamento Viveiro que terá lugar na Mariña Lucense os días 2, 3, 4 e 5 de xullo. O prezo é de 80 euros.

Os prezos das actividades son para os empadroados ou que cursen estudos nos centros educativos de Rábade. Para os demais, cada actividade terá un incremento de dez euros.

INSCRICIÓN. As inscricións para estas actividades deron comezo o 2 de maio na Área de Cultura e Deporte en horario de 09:00 a 14:00 horas. As prazas son limitadas. Pódese obter máis información no número de teléfono 982 39 62 (EXT.2).

Desenvolverán un curso de primeiros auxilios o 30 de maio

O servizo de prevención de condutas aditivas da agrupación de Concellos de Begonte, Castro de Rei, Friol, Outeiro de Rei e Rábade organiza unha formación de primeiros auxilios en Rábade dirixido á poboación en xeral que terá lugar o 30 de maio no centro sociocultural de Rábade entre as 16.30 e as 19.30 horas.

O obxectivo xeral é adquirir coñecementos básicos sobre o manexo de situacións que requiran actuación de primeiros auxilios básicos. Aclarar dúbidas referentes á utilización do DESA, da RCP ou actuación fronte a atragoamentos.

O programa inclúe a atención inicial en situacións de urxencia máis frecuentes como reanimación cardiopulmonar básica: atragoamento, recoñecemento dunha PCR e manexo do desfibrilador semiautomático DESA.

O curso está a cargo de Carmen Álvarez Arias, enfermeira da Asociación Afalu e está dirixido á poboación en xeral.

A inscrición está aberta ata o 27 de maio a web da escola galega de saúde, o mail prevenciondrogas@rabade.org ou no Concello de Rábade, servizo de prevención de drogas no teléfono 982 390 062.

EN BREVE

FOLIADA. Continuando co seu programa de actividades, o campo da Igrexa Vella de Muimenta, acollerá o sábado 11 unha Foliada, que se iniciará ás 19.00 horas. Está organizado por Pozo Mouro e a Asociación Aquilino Iglesia Alvariño e contará entre as actividades cun obradoiro de iniciación á muiñeira ademais de dúas exposicións, Tradición, de Estudo Aldea, e Introspección, de Alberto Paz. Estarán nesta cita as Pandereteiras de Muimenta, a Charanga 555, Os do Campo e Árdelle o Eixo. Rematarán cunha foliada aberta na que haberá caldo e filloas.

VEIGA DO PUMAR. Veiga do Pumar, na parroquia de Momán, celebra os días 10, 11 e 12 de maio as súas festas na honra a San Xosé de Ombreiro e San Pedro. As celebracións darán comezo o venres 10 cunha churrascada popular. O sábado ás 13.30 celebrarase a misa con procesión para continuar cunha sesión vermú amenizada pola orquestra Escaparate. A verbena da noite contará tamén coa actuación da orquestra Escaparate que estará acompañada do DJ Alejandro Martínez e a presentación de Jnight DJ. Para rematar, o domingo, ás 13.30 terá lugar a misa con procesión e o trío Merengue será o encargado de poñer a música na sesión vermú. Haberá colchonetas gratis para os nenos e o campo estará cuberto con carpa.

ROMERÍA. A localidade de Muimenta acolle o 19 de maio, unha nova edición da Romería á Virxe dos Milagres, que dará comezo ás 13.30 horas cunha misa solemne, seguida dunha procesión e unha sesión vermú a cargo do trío Banarama. A comida campestre desenvolverase a partir das 15.30 horas baixo carpa con xamón cocido, paella, carilleiras en sala con patacas fritas e ensalada, tarta de Santiago, tarta xeadada, bebida e café a un prezo de 30 euros, gratis para os menores de 10 anos. Os que desexen participar poden anotarse na pastelería Anllo no teléfono 982 528 045 antes do 15 de maio. Finalizarán o día cunha verbena a partir das 18.30 horas co mesmo grupo.

CURSO. A Asociación Aquilino Iglesia Alvariño organiza unha formación en mobilizacións e traslados de persoas dependentes, que se realizará o 24 de maio, entre as 16.00 e as 20.00 horas no centro médico de Muimenta. As persoas que desexen participar poden facelo inscribíndose de balde na Mercería Teresa. Na sesión informárase das claves básicas para mover mellor a quen precisa axuda. Estará ao cargo de Alfalu.



Abre unha exposición sobre explotación sexual

A Exposición e proxección do traballo documental Chicas Nuevas 24 horas chega ao Concello de Cospeito tralo seu paso polas principais universidades e institutos de Europa e Sudamérica.

Escrito e dirixido por Mabel Lozano, o traballo, nominado aos Premios Goya, denuncia o negocio que xera a explotación sexual de mulleres e nenas a través das súas testemuñas, convidando á reflexión. A exposición do mesmo nome, pode visitarse ata o 16 de maio na casa da cultura de Feira do Monte de luns a venres de 10:00a 14:00 horas.

Ademais, o Concello organiza o día 8 de maio un obradoiro arredor da mostra para o alumnado da ESO do CPI Virxe do Monte enfocados á

prevención e concienciación sobre o negocio da prostitución.

Os dous pases da longametraxe serán en primeiro lugar na casa de cultura da Feira do Monte o día 8 de maio ás 11:45 horas en colaboración co CPI Virxe Do Monte. Na casa de cultura de Muimenta será o día 15 de maio ás 19:30 horas en colaboración coa Asociación Aquilino Iglesia Alvariño.

A mostra e os documentais están dirixidos a un público maior de 14 anos, con entrada libre ata completar aforo. A iniciativa enmárcase dentro das organizadas polo Departamento de Servizos Sociais Municipais do Concello de Cospeito e conta co apoio da Secretaría Xeral de Igualdade da Xunta de Galicia.

Iria Castro asegura que a Xunta impide a limpeza na zona de Caldaloba

A Xunta de Galiza impide que se realicen tarefas de limpeza e estudo na contorna da Torre de Caldaloba, recuperada para o patrimonio público pola Vicepresidencia da Deputación de Lugo, segundo explica a deputada Iria Castro.

Co obxectivo de avanzar na súa conservación e posta en valor, a área de Cultura encargou un proxecto de intervención arqueolóxica na contorna da Torre. Trátase dunha actuación que inclúe o desbroce de parte do xacemento, o desenvolvemento de seis sondaxes arqueolóxicas valorativas e a colocación dunha protección no pozo situado a carón da fortaleza. "A Xunta de Galiza recibiu o 5 de decembro de 2023 a solicitude para realizar a intervención, que, case seis meses despois, non respondeu", dixo.

A deputada de Cultura Iria Castro explicou que "a Dirección Xeral de Patrimonio requiriu documenta-

ción, que foi achegada, pero non respondeu á solicitude, como xa fixo con outras actuacións proxectadas desde a Vicepresidencia da Deputación" e criticou que "a Xunta empregue os procedementos administrativos, dispostos para a protección dos bens patrimoniais, para impedir o seu mantemento e conservación".

Neste sentido, a responsable provincial lembrou que a Consellería de Cultura se escudou tamén no silencio administrativo para impedir os traballos de consolidación e estabilización da Torre proxectados o ano pasado pola Vicepresidencia da Deputación. Estes consistían na limpeza de vexetación nas dúas fachadas e na coroación dos muros de cachotería mediante a retirada manual de plantas e raíces. Tamén se contemplaba a substitución e reparación dos elementos de cimbra de madeira do interior da Torre, e a recolocación da cuberta.

A Festa da Filloa colleitou un novo éxito



Muimenta acolleu o día 1 de maio, unha nova edición da Festa da Filloa, cita obrigada para os amantes de este produto que ten o recoñecemento de Festa de Interese Turístico Galego.

O mal tempo non desanimou e o recinto Manuel Vila encheuse de público e dos representantes políticos das distintas institucións colaboradoras. As filloeiras repartiron as 18.000 filloas previstas e novamente houbo música, obradoiros, xantar e xogos.

O acto central do día foi a inauguración do evento, que estivo a cargo da periodista Tania Fernández Lombao, quen destacou o traballo realizado pola comisión e a unión da veciñanza de Muimenta.

Durante o día pasaron distintas autoridades. A deputación de cultura Iria Castro interesouse polo traballo das filloeiras nas pranchas e participou tamén na entrega de premios do Certame de Debuxo e Relato Filloa 2024 no que participaron alumnas e alumnos dos colexios da contorna, e que pretende involucrar as xeracións máis novas nesta tradición.

As autoridades presentes no evento ensalzaron o traballo colectivo e o traballo das mulleres que fan este rico manxar da nosa gastronomía e agradeceron á organización da Festa da Filloa de Muimenta o seu compromiso cunha festividade das máis afamadas da repostería tradicional galega.

A biblioteca convoca un concurso de creación artística sobre igualdade

O Concello de Xermade convida a todo o alumnado do CEIP a participar nun certame de creación artística escrita e gráfica sobre a igualdade. Poderán concorrer ao certame o alumnado matriculado no CEIP Plurilingüe de Xermade durante o curso 2023/2024 e estableceranse para eles tres categorías dependendo da idade. A para o alumnado de Infantil e 1º e 2º de Primaria, a B para os de 5º e 6º de Primaria.

O tema do concurso baseará sobre os seres mitolóxicos desde unha perspectiva da igualdade, fomentando a busca da ruptura de estereotipos e transmutando os mitos que contribúen o mantemento de valores patriarcais e ó reparto dos roles de xénero. Cada categoría terá unha modalidade, así os máis pequenos teñen que facer un debuxo e os das

categorías B e C crear un conto, en lingua galega.

Os traballos deben ser inéditos e orixinais, presentados nun folio de tamaño DIN A4, sen utilizar medios dixitais para a súa realización. Entregaranse só co título, sen ningunha identificación persoal.

A entrega dos traballos será presencial, na Biblioteca, ata o 14 de xuño, achegando documentación acreditativa de que o alumno está matriculado no centro.

Todo o alumnado participante recibirá un vale por 30 euros no momento da entrega do traballo para material escolar. De entre os traballos entregados, escolleranse tres premios por cada categoría, que recibirán premios de entre 20 e 25 euros no primeiro grupo de idade e de 75 a 40 nos outros dous.



O Concello remata varias obras nas parroquias

O novo Goberno local da Pastoriza, con Darío Cabaneiro á fronte, continúa cos traballos de mellora das comunicacións no medio rural. Así continuaron traballando estes días na limpeza de cunetas nas parroquias de Crecente, Gueimonde, Aguarda, San Cosme de Piñeiro, Fonmiñá e Pousada. O obxectivo é favorecer as comunicacións, evitar a acumulación de auga e mellorar a seguridade dos veciños.

Ademais, realizouse a pavimentación de accesos aos núcleos das Fontes e As Manciñeiras, na parroquia de Rigueira, obras realizadas con cargo á Xunta de Galicia, á Dirección Xeral de Desenvolvemento Rural. Unha obra que ten un orzamento de 48.158 euros.

Tamén con cargo, á Xunta fíxose a pavimentación de accesos ao núcleo

do Alto, na propia Pastoriza, unha obra por importe de 47.182 euros. Despois, con cargo ao Plan Único da Deputación do ano 2023, leváronse a cabo actuacións en Gueimonde e Cadavedo, mellorando as vías e os accesos, deteriorados nos últimos anos.

SILOS. Os usuarios que estén interesados na recollida de plásticos de silo deberán poñerse en contacto co teléfono 982 332 197, onde será anotada a solicitude e pasarase a recoller nos días seguintes, segundo a ruta que lle corresponda, e baixo os seguintes condicionados:

Os plásticos deberán estar depositados nun lugar de fácil acceso para o vehículo de recollida, sen atrancos que a entorpezan ou ralenticen e dentro da explotación.

As escolas deportivas serán gratuítas para a veciñanza esta lexislatura

As escolas deportivas do Concello da Pastoriza pasan a ser gratuítas para os nenos e nenas do concello durante o resto da lexislatura. Así o anunciou esta semana o alcalde popular, Darío Cabaneiro, no mesmo mes que termina un curso.

Actualmente, no concello da Pastoriza 150 nenos e nenas están inscritos nestas escolas deportivas, nas que practican diferentes deportes, como baloncesto, fútbol sala, atletismo, xadrez, hóckey, tenis de mesa, bádminton, pádel, música tradicional e baile.

Os escolares, que pertencen aos distintos centros educativos do termo municipal, no terán que pagar o ano que vén a actividade que escollan, xa que a decisión manterase durante o tempo que lle resta ao alcalde no seu cargo, uns tres anos. A medida foi moi ben acollida entre os rapaces, que disputan este mes os últimos partidos das competicións deportivas.

PAI. O Concello da Pastoriza ten aberto o prazo de solicitudes de reserva de praza no punto de atención a infancia ata o día 15 de maio.



A inscrición para o curso que se inicia en setembro pode realizarse nas oficinas municipais e os modelos de solicitude de reserva de praza facilitaranse nas oficinas do PAI. Haberá que presentar declaración xurada da situación económica, certificado médico do neno ou calquera documentación para a modificación da situación económica da unidade familiar.

ENTRE LIÑAS. O club de lectura Entre Liñas continúa coas xuntanzas vinculadas á lectura e nesta ocasión Brais Lamela visitará o club. Será este sábado 11 de maio, ás 20.30 horas no Fogar de Maeloc, para recibir ao escritor de Ninguén queda.

Veciños da Reigosa celebran o Día das Letras Galegas e organizan unha viaxe

A asociación de veciños de Santiago de Reigosa celebrará o 18 de maio o Día das Letras Galegas, dedicado este ano a Luísa Villalta. Os actos terán lugar no centro sociocultural de Reigosa a partir das 16.30 horas, cando se fará un achegamento á figura da autora.

Ás 17.00 horas está prevista a actuación de Pakolas co seu espectáculo *As máis molonas de Pakolas*, dirixido a público familiar. Finalmente, ás 18.30 horas, terá lugar a merenda, que será gratuíta para os socios, mentres que o resto deberán pagar 5 euros. Rematarán a xornada coa actuación dun grupo de música tradicional e unha foliada aberta a partir das 19.30 horas.

Ademais, realizarán o 25 de maio unha viaxe por Cervo, San Cibrao e Ortigueira. Este dará comezo ás 9.00 horas con saída da casa sociocultural de Reigosa, edificio Mariña Folgueira. A viaxe ten un prezo de 50 euros para socios e de 60 para os non socios mentres que os nenos dos primeiros pagarán 10 euros e o resto 40. O prezo da viaxe inclúe o autobús, xantar, *tour* con guía, entradas ao museo histórico de Sargadelos, fábrica e Museo do Mar de Cervo. Tamén inclúe o Banco de Loiba.

As Xornadas Interxeracionais Rurais de Cabreiros chegan á XX edición

Cabreiros celebrará este ano unha edición moi especial das Xornadas Interxeracionais Rurais, xa que estas chegan á súa XX edición a partir do 25 de maio.

Os actos iniciaranse ás 10.30 horas co acto de inauguración para dar paso ás charlas. A primeira será a celebración do Día das Letras Galegas, dedicado a Luísa Villalta. A decana María L. Sández ofrecerá o relato *Luisa Villalta. A ave cantora das Letras Galegas 2024*. Será ás 11.00 horas para, unha despois, comezar unha actividade do colexio de Xermade, a representación do relato *O atasco*. Estará ao cargo dos alumnos de 6º. Completarase o programa coa lectura de textos da homenaxeada e, tralo xantar, haberá unha vista libre á Romaxe Artesá da Chaira, de Muras. As Xornadas Interxeracionais continuarán o sábado 1 de xuño ás 10.30 horas cunha charla coloquio sobre



a festa e a cohesión social no rural galego poñendo como exemplo o caso de Santa Mariña. Ás 12.15 está prevista a presentación do proxecto Palcos, que fixo unha investigación sobre os palcos de música de Galicia. A sesión de tarde consistirá nunha mesa coloquio para falar das festas en Xermade e rematarán co celebración dos 209 anos das xornadas, que consistirán nun obradoiro de baile

e unha foliada a cargo dos grupos de música tradicional Axóuxere, No Cómbaro e Buxos Verdes.

A seguinte cita será o 8 de xuño coa primeira sesión dedicada á fauna salvaxe a cargo do biólogo Óscar Chao Penabad.

A continuación farase a presentación dos traballos premiados na X edición do Xermade na Historia, ás 12.00 e convocarase unha nova edición.

Tralo xantar haberá dobre sesión. Ás 17.00 horas farase a presentación do proxecto de participación cidadá co título XERando, para a xeración e aforro de enerxía. Rematarán coa presentación do libro de poesía de Suso López Non aparecen as bicis.

O 14 de xuño será a sesión de clausura, ás 11.00 no colexio de Xermade, cunha conversa coa AGXPT sobre o xogo tradicional, para despois desfrutar dunha xornada de xogos nenos e maiores.

AXENDA DE ACTIVIDADES

RUTAS. A Asociación de Veciños de Cabreiros remtará as saídas a diferentes rutas de sendeirismo para seguir coñecendo e gozando da paisaxe e da natureza. As camiñadas deron comezo en marzo e rematarán o domingo 12 de maio para facer a ruta polos Muíños do Xábrega, en Sober, de 13 quilómetros e dificultade media. A ruta comeza no pazo Casa Grande de Rosende.

FESTA DOS CALLOS. A parroquia de Roupar celebra as festas na honra a San Estevo esta fin de semana. Estas darán comezo o venres 17 coa Festa dos Callos, ao que seguirá un festival folk. Este contará coas actuacións do grupo local Axóuxere, No Cómbaro e Os Trevillas, os dous das Pontes. As persoas que desexen desfrutar dos callos deberán comprar os tickets con antelación coa directiva e no restaurante Ares. O mér-

cores 15 é o último día. A festa continuará o sábado cunha sesión vermú a cargo de Antha, a partir das 14.00 horas, e a verbena na que repetirá actuación xunto á orquestra M3. O domingo haberá misa con procesión a partir das 13.30 horas e seguirán a sesión vermú de fin de festa con Boreal.

VIVENDA. O colectivo Amuraxe celebrará os días 22 e 29 de maio dúas reunións coa veciñanza para falar sobre a problemática da vivenda. Co título Falemos de Xermade, o grupo de mulleres rurais local invita aos veciños e veciñas a achegarse para dar o seu punto de vista sobre os problemas da vivenda. Os dous días, mércores, as reunións terán lugar ás 11.00 horas na sede da Asociación de Mulleres de Amuraxe. Os que desexen participar poden facelo a través do teléfono 698 195 096, en chamada ou por Whatsapp.

COLABORACIÓNS

Así...? Mellor dámoslle unha volta

COA NOSA VOZ



Pablo Veiga

A polémica dos últimos tempos ven dada pola instalación da multinacional ALTRI dunha factoría no termo municipal de Palas de Rei. Un complexo que ocupará dúas de hectáreas e que creará, segundo din, varios centos de postos de traballo directos e moitos outros máis indirectos. Aquí as cifras varían dun día para outro.

Non cabe dúbida que un dos debes que nos lastra no interior de Galicia é a falta de industria. Resulta indiscutible este feito. Iso ex-

plica a forte emigración que sufriron as nosas aldeas e parroquias desde os anos sesenta para acá. Unha auténtica desbandada, que trouxo consigo a constante mingua poboacional e o conseguinte avellentamento que nos caracteriza hoxendía. Nosoutros eramos unha sociedade agraria e gandeira e o campo non podía absorber a cantidade de man de obra existente, unha vez que se foi mecanizando e modernizando. Así, miles dos nosos veciños tomaron camiño cara lugares onde os estaban agardando cos brazos abertos. Euskadi, Cataluña e outros países europeos acolleron os emigrantes galegos en zonas en expansión e onde se podía prosperar. Todos sabemos a historia.

Se a non industrialización dunha boa parte da nosa Terra foi un problema importante, é evidente que deberíamos darlle a benvida a calquera proxecto empresarial que derive en oportunidades de emprego. En principio si, por suposto. Pero esa “desesperación” non pode significar unha especie de barra libre para que desembarquen iniciativas que, cando menos, resultan moi cuestionables. Nesta columna, un non se atreve a contestar un Si ou un Non ao proxecto que nos ocupa. Estase falando moito, con argumentos a favor e en contra, que un escoita con atención, e aínda así costa posicionarse de forma nítida. Pero o que si podemos –e debemos– é facérmonos cer-

tas preguntas ás que agardamos contestación. Primeiro, como é que unha empresa portuguesa escolle a provincia de Lugo para a instalación desa fábrica. En segundo termo, esta iniciativa quérena levar a cabo, pero se reciben unhas suculentas subvencións da Unión Europea, vía os tan cacarexados Fondos Next Generation. Son formas de crear emprego inxectando tan suculentas axudas públicas...? E logo, o tema medioambiental. Para producir o que se vai producir, seica se precisan millóns de litros de auga diarios. Home, será por auga. Pero é que parece que volverá de onde saíu tres ou catro graos máis quente. Cal será a consecuencia diso...? As voces de gandeiros, la-

bregos, mariscadores –si, porque o río Ulla acaba no mar– están expoñendo o que iso significaría e se teñen algo de razón, semella inquietante. E para rematar, ese complexo parece que precisará como materia prima o eucalipto. Sen comentarios.

A eterna dicotomía progreso-medioambiente, onde o evidente impacto no entorno significa cambios tan considerables que xa nada volve ser igual, está nesta polémica máis viva ca nunca. E un tamén se pregunta en alto se non existirán outros modelos que xeren esa riqueza que levamos décadas anhelando.

En resumo, industrialización Si, con maiúsculas. Así...? Mellor dámoslle unha volta.

Altri: Un monstro no corazón de Galiza

FAÍSCAS QUE ESPALLA O VENTO



Raul Río

No século XIV o rei galego Fernando de Castro, saíu de Portugal con un grupo mixto de galegos e portugueses para liberar o reino de Galiza das gadoupas do castelán Fernando III, loitando contra un exército moito maior de mercenarios franco-castelán, mandados por Pedro Ruíz Sarmiento e don Tello, Señor de Vizcaya, contra os que perdeu a decisiva batalla de Porto de Bois en marzo de 1371, en Palas de Rei, e tivo que fuxir a Portugal, dando pé a ocupación colonial de Galiza pola nobreza castelán. Daquela desapareceu o noso reino, convertendo Galiza nunha colonia e agora, nesas mesmas terras de Palas de Rei (A Ulloa), por obra e gracia dunha serie de personaxes populares e (aínda que o PSdG no concello de Lugo votou unha moción en contra) o ex-ministro socialista, José Blanco, o ex-alcalde do PP de Vitoria, Alfonso Alonso, e Estéban González, fillo do deputado do PP, González Pons, fundaron a consultora Acento, que impulsou a celulosa que a multinacional portuguesa Altri pretende cons-

truír; un proxecto que emporcaría toda a zona e supón un impacto directo na Rede Natura 2000, ameazando flora e fauna e que incumpre a normativa da UE en materia de sostibilidade, aumentaría a eucaliptización en Galiza e arruinaría esa rica comarca.

Os paisanos néganse vender esas terras a Altri, pero o Presidente Rueda, que xa presentou esa celulosa en decembro de 2022 como “Proxecto Gama”, dicindo que era un “Proxecto Industrial Estratégico”, pero sen explicar de que se trataba, está disposto a expropiarllelas e incluso pensa financeira cos nosos fondos públicos. Oxalá non sexa para asegurar un posto no seu consello de administración cando perda o cargo na Xunta, como fixeron outros e outras que só respectan a propiedade privada cando é dun poderoso, pero cando é don labrego ou dun mariñeiro quitanllela á forza para darlla a quen mais ten.

Como Ence contamina pouco e son poucos os eucaliptos que necesita, ven agora Altri e endósanos no corazón de Galiza outra dez veces mais grande, que procesará inicialmente 1,2 millóns de metros cúbicos desa madeira e gastará 46 millóns de litros de auga diaria (practicamente a mesma que gastamos todos os

353.504 habitantes da provincia de Lugo) que collerá do encoro de Portodemouros, devolvendo ao río, dous quilómetros mais arriba da parroquia de Sexo (Agolada), 30 millóns de litros de auga pezoñosa, capaz de acabar coa pesca nas nosas rías, como Ence acabou co marisco na de Pontevedra; auga contaminada que terán que beber os habitantes dos once concellos que hai entre A Ulloa e a ría de Arousa. Todo un despropósito deses gobernantes, que miran mais polos dividendos da empresa que pola saúde da poboación e os intereses dos mariñeiros e labradores que deixarían sen traballo. Estamos cheos de celulosas, de minas a ceo aberto e de empresas porcas e fedorentas que non queren en ningún outro lugar; de eólicos que non queren nas serras madrileñas, porque seica fan feo e non crean postos de traballo, pero mentres Galiza exporta o 40% da electricidade que produce e esas empresas cotizan en Madrid, aínda temos que pagar tamén os galegos e galegas as liñas que transportan esa electricidade a capital do reino e a outras terras industrializadas, onde a nosa enerxía crea riqueza, ademais, como si tivéramos tamén poucos muiños nos nosos montes, aínda queren poñer mais nos caladoiros da



nosa costa, onde trasfegan as nosas mariscadoras e os nosos mariñeiros, que perderían o seu posto de traballo e terían que emigrar.

Os dirixentes da Xunta na vez de defender os intereses do pobo pónense ao lado das multinacionais, aínda que incumpran as súas propias leis, como se pode comprobar na cantidade de parques eólicos que os xuíces lles rexeitan por consideralos ilegais e a súa teima en recorrer con diñeiro público as sentencias deses xuíces. Pensarán, como dicía Castela, que as sardiñas fanse nas fábricas e, engado eu, que as nabizas, as patacas e os ovos prodúcenos nos supermercados, pois hoxe temos en Galiza 436 barcos menos que hai doce anos e nas nosas aldeas están medrando as silvas dentro das casas, como xa predicía Xosé María

Díaz Castro nun dos seus poemas. Deberían saber que sen un rural vivo non hai comida de calidade, polo que ningún país quere prescindir do sector primario e tampouco podemos deixar que arruinen a inmensa riqueza das nosas rías por mor dos intereses de Altri e das eléctricas.

O único que me aleda é ver que ante esta agresión ao noso agro, as nosas rías e a nosa ecoloxía, móvese a sociedade: o Sindicato Labrego Galego (SLG), a plataforma Ulloa Viva e outras organizacións ecoloxistas e políticas loitan contra esta mostruosidade, organizando á xente para loitar contra ese desastre ambiental, económico e social para os labregos da Ulloa, Agolada, Deza, Terra de Melide e Arzúa e para o sector pesqueiro e marisqueiro. Daquela perdemos en Porto de Bois, agora gañaremos.

DEPUTACIÓN

Urxen á Xunta investimentos para a atención ás persoas maiores

O Pleno da Deputación reclámalle á Xunta de Galicia un plan de investimentos específico para a atención ás persoas maiores na provincia de Lugo que contemple a achega económica para sustentar o sistema desenvolvido pola Deputación e impulse as medidas necesarias para reformar os actuais centros que así o precisen e a construción doutros novos. A iniciativa do Goberno saíu adiante estes martes cos votos a favor do PSdeG e do BNG, e en contra do PP.

O deputado de Promoción Económica e Social, Pablo Rivera Capón, criticou que o pasado 4 de abril a Xunta de Galicia anunciou a súa intención de desenvolver un paquete de medidas dedicadas á construción de novos centros de maiores. Explicou que, segundo a Xunta, o investimento total desta iniciativa suma 18,5 millóns de euros, que se concretarían en 24 medidas a desenvolver noutros tantos concellos galegos, pero Rivera desmontou este anuncio dos populares. "A Xunta de Galicia repartiu a dedo entre concellos afíns 18,5 millóns que son do Goberno do Estado para residencias. Estes son datos obxectivos e sacados da resolución publicada pola Xunta, e non mo poden negar", afirmou lamentado que a Xunta non explique de onde veñen os fondos. Apoiado en infografía, explicou que deses millóns, máis do 64% vai a unha soa provincia; e dos 24 concellos nos que se vai actuar, 15 están gobernados polo PP, 10 deles en Ourense.

Rivera lamentou que o PP non coñeza a Rede Provincial de Centros de



Atención a Maiores que a Deputación ten en funcionamento no rural da provincia de Lugo. "No Partido Popular teñen unha alta capacidade para difundir bulos e mentiras, pero as nosas residencias son públicas e sei que é un tema que lles doe e lles escoce, pero é así. Son públicas". "Eu creo que é bastante obvio que queramos que a Xunta se implique no proxecto, non llas queremos entregar, pero ten que exercer as competencias da Lei de Dependencia como se refire no artigo 64. Ten que pagar o que debe". "Se de algo estou orgulloso é do proxecto de residencias desta Deputación de Lugo", afirmou ao final do debate da moción.

Así mesmo, tamén saíu adiante unha moción socialista para esixirlle ao voceiro do Grupo Popular na Deputación Provincial de Lugo, Antonio Ameijide Osorio, que rectifique e pida desculpas aos veciños e ás veciñas da provincia e de Monforte de Lemos, así como ao Presidente da Deputación e á Corporación provincial "polas mentiras, as manipulacións e a desinformación sobre os

motivos reais do traslado do Craega de Monforte a Lugo, xerando un discurso paralelo e inventado".

A voceira do Goberno, Pilar García Porto, apuntou que Ameijide non "dubidou en mentir, manipular e desinformar para tratar de quitar rédito político a partires dun problema que creou o propio Partido Popular en colaboración co presidente do Craega, Francisco López Valladares". Afirmou que tanto a Deputación coma o Concello de Monforte actuaron sempre "con lealdade, transparencia e respecto á verdade. O certo é que as esixencias ao redor do uso exclusivo do Pazo de Torforon só a cortina de fume deseñada a posteriori coa que se tentou agochar e obter rédito político dunha decisión tomada de antemán, de costas ao Concello, co visto e prace do ex Conselleiro do Medio Rural e da propia voceira do Partido Popular en Monforte. Sempre con criterios partidistas a prol do PP e de costas ás necesidades reais dos produtores ecolóxicos da provincia de Lugo e de Galicia".

Arranca unha nova tempada das rutas gratuítas do románico

A Deputación de Lugo organiza por cuarto ano consecutivo as rutas gratuítas para conmemorar o Día da Transrománica, que se celebra o 9 de maio coincidindo co Día de Europa. O programa, que arrancou xa en Antas de Ulla, ofrece un total de 17 visitas guiadas para poñer en valor o patrimonio románico da provincia que terán lugar ao longo de cinco xornadas no mes de maio.

As visitas fixéronse os días 4, 5 e continuarán 9, 11 e 12 de maio e estarán dirixidas por un guía oficial de turismo. Cada itinerario conta cun máximo de 20 prazas, polo que no conxunto do programa ofértanse un total de 340 prazas. As rutas non inclúen servizo de transporte, polo que os participantes deberán desprazarse por conta allea ata o lugar onde se desenvolve cada un dos itinerarios.

Para participar é preciso realizar previamente as inscricións a través da web <http://inscricions.deputacionlugo.org> dende este mesmo luns, 29 de abril, ata completar o aforo. As persoas interesadas tamén poderán anotarse chamando aos teléfonos 982.260.011 e 982.260.234, ou dirixirse ao correo electrónico romanico@deputacionlugo.org

A Deputación de Lugo ingresou no 2020 na Ruta da Transrománica, recoñecida oficialmente co selo de Itinerario Cultural do Consello de Europa, o que situou ao románico

lucense no nivel máis alto de recoñecemento europeo.

PROMOCIÓN EUROPEA. A Ruta Transrománica está recoñecida oficialmente co selo de Itinerario Cultural do Consello de Europa e trátase dunha das principais rutas culturais paneuropeas. Está integrada por rexións de 9 países da Unión Europea -Austria, Alemaña, Francia, Italia, Romanía, Portugal, Serbia, Eslovaquia e España- e aglutina un conxunto de monumentos románicos, moitos deles Patrimonio da Humanidade pola Unesco.

A provincia de Lugo é o terceiro lugar de toda España que forma parte desta entidade, despois de Castela e León, co mosteiro de Santo Domingo de Silos, e a cidade de Zamora, e conta na súa ruta con 10 igrexas de arte románica situadas noutros tantos concellos da Ribeira Sacra: o mosteiro do Divino Salvador, en Ferreira de Pantón; a igrexa de San Xoán da Cova, en Carballedo; a igrexa de Santa María de Nogueira de Miño, en Chantada; a igrexa de San Pedro de Ribas Altas, en Monforte de Lemos; a igrexa de San Facundo de Ribas de Miño, en Paradelas; a igrexa de San Nicolás ou San Xoán, en Portomarín; a igrexa de Santa María de Torbeo, en Ribas de Sil; a igrexa de Santo Estevo de Ribas de Miño, no Saviñao; a igrexa de Santa María de Proendos, en Sober; e a igrexa de Santa María de Taboada dos Freires, en Taboada.

O programa Xunt@s seguirá visitando os concellos da provincia

O presidente da Deputación de Lugo, José Tomé Roca, abriu en Monforte de Lemos a conferencia *Promoción da saúde e proxecto de vida* no marco do programa Xunt@s que a institución provincial está desenvolvendo nos concellos da provincia dende principios de ano.

José Tomé salientou o éxito deste programa de actividades gratuítas de lecer e formación que percorrerá ata o mes de xuño 25 concellos lucenses.

"Xa participaron 1.000 veciños e veciñas da provincia, o que nos dá boa mostra de que funciona e de que estamos dando resposta ás ne-

cesidades e intereses que ten a nosa poboación", subliñou.

A iniciativa, explicou, busca favorecer o envellecemento activo, enriquecer a oferta de ocio e cultural dos concellos, e mellorar a calidade de vida e benestar da veciñanza, o que contribúe a fixar poboación.

"O programa Xunt@s e o traballo que fai a Real Academia de Medicina de Galicia son un bo exemplo de como cambiou a forma de concibir a atención sanitaria e o propio envellecemento. A saúde non consiste só en tratar as enfermidades, senón en actuar para previlas, en potenciar os hábitos saudables, no exercicio, na

boa nutrición ou o lecer activo", salientou ao inicio da conferencia celebrada no Centro Cívico de Monforte. O mandatario provincial afondou en que "as mellores condicións de vida fixeron que a esperanza de vida se fose alongando. Vivimos máis tempo, e debemos procurar que sexa tempo con calidade de vida. Con este compromiso traballamos cada día dende o Concello de Monforte, e tamén dende a Deputación de Lugo, para proporcionar servizos públicos de calidade que favorecen o benestar das persoas. Como se adoita dicir: darlle anos á vida e vida aos anos".



EN BOAS MANS
CENTRO DE FISIOTERAPIA

<p>SE ATIENDEN ACCIDENTADOS DE TRÁFICO</p> <p>FISIOTERAPIA</p> <p>Deportiva Neurolóxica Traumatolóxica Drenaxe Linfático E.P.I. / EPTE</p>	<p>TRATAMIENTOS</p> <p>Accidentes de tráfico Lesiones Deportivas Neurológico Traumatolóxico Ondas de Choque Radiofrecuencia Game Ready Sistema SIS</p>
--	---

Miguel de Cervantes, 38 bajo - 27003 Lugo. 982 809 038 / 678 855 342

www.boasmans.com
info@boasmans.com

TERRA CHÁ

Adamo despregou fibra óptica en 43 concellos da provincia no 2023

Ata 22.000 fogares de Lugo recibiron fibra óptica o pasado ano da man de Adamo. Esta expansión produciuse nun total de 43 concellos da provincia, sobre todo en zonas rurais, peor comunicadas e con maiores necesidades de conectividade.

Considerando que Lugo conta con 67 municipios, Adamo realizou operacións en dúas de cada tres concellos da provincia só en 2023, os cales, ben estrearon Internet ultrarrápido, ben viron ampliada unha rede preexistente. Para lograr ese crecemento, a compañía tivo que tirar máis de 2.000 quilómetros de fibra óptica vía subterránea, externa (protexida por tubos) ou unindo postes (despregamento aéreo).

Unha gran parte da vasta rede da empresa sitúase en cidades medianas e pequenas, en zonas apartadas e, mesmo, en áreas despoboadas. Trátase, nalgúns casos, de localidades afectadas polo temido fenómeno do despoboamento.

Non en balde, no seu afán de non deixar a ninguén atrás, Adamo xa se posiciona como o operador especializado no ámbito rural.

Cabe lembrar que a conexión que proporciona a compañía -de ata 1.000 Mb- permite realizar con garantías actividades que hoxe resultan habituais: teletraballo, educación en liña, compras por Internet, citas médicas telemáticas ou gozar de videoxogos, series e películas en remoto, entre outras. Os 1.000 Mb sitúanse como a fibra óptica máxima habitual que pode atoparse en calquera gran cidade. Así, hoxe é posible conectarse a Internet á mesma velocidade en Barcelona, en Madrid... e en dúas de pobos lucenses.

Co obxectivo precisamente de dotar de conexión de calidade aos sitios máis apartados, Adamo dispón de Ola, veciño! Trátase dun formulario que se pode encher na web da empresa e que permite avisar ao interesado en canto a fibra chegue ao seu fogar.

Néstor Rego urxe ao Ministerio de Transportes actuacións na N6 entre Baamonde e Outeiro de Rei

O deputado do BNG no Congreso, Néstor Rego, rexistra iniciativas na cámara baixa para demandar ao Ministerio de Transportes levar a cabo actuacións previstas na N6 no tramo Baamonde-Rábade-Outeiro de Rei. No marco da campaña impulsada pola organización nacionalista en Lugo para o arranxo das infraestruturas viarias, Rego sinala a necesidade de iniciar unha rehabilitación integral desta vía para impedir que se sigan a producir accidentes neste tramo.

Segundo os últimos datos feitos públicos no último informe da Fundación RACE o maior punto negro viario do Estado español é o traxecto da N6 entre Rábade, Outeiro de Rei e Baamonde. No concreto, entre os puntos quilométricos 517 e 528. Neste tramo, lembra a organización nacionalista, rexistráronse até tres accidentes graves con feridos e unha persoa falecida.

Ante esta situación, e no marco da campaña "Arranxo xa das nosas



estradas" impulsada en Lugo polo BNG, o deputado do BNG no Congreso rexistra iniciativas para reclamar ao Ministerio de Transportes que leve a cabo actuacións urxentes para a "rehabilitación, reparación e mellora integral da N6". O obxectivo da iniciativa é a de impedir que se sigan a producir accidentes neste tramo, eliminando o punto negro das estradas lucenses.

O BNG insta á Xunta a cubrir o servizo de pediatría no municipio

O Bloque Nacionalista Galego traslada ao Parlamento as circunstancias polas que están a pasar as nenas e e nenos e as súas familias dos concellos de Guitiriz, Begonte e Rábade pola falta dunha persoa facultativa especialista no servizo de pediatría de atención primaria.

O Sergas deixou sen pediatra os concellos de Guitiriz, Begonte e Rábade ao non cubrir a baixa da persoa titular do servizo. Cómpre lembrar que o servizo de pediatría nestes tres concellos é compartido prestando consulta tres días á semana en Guitiriz e o resto en días alternos entre Begonte e Rábade o que xa evidencia a precariedade da atención e a sobrecarga do servizo, atendido por unha única persoa.

"A nós non serve as excusas do Ser-



gas de que non hai persoal substituíto" declarou a deputada do BNG por Lugo no Parlamento, Olalla Rodil. "Non se poden poñer parches con unha persoa pasando consulta un día á semana pola tarde". Deste xeito, Rodil sinalou que as crianzas precisan dunha atención especializada

"as nenas e nenos non son pequenos adultos, teñen as súas necesidades específicas por isto teñen a súa especialidade médica".

Dos 67 concellos que ten a provincia de Lugo temos 53 nos que as familias se vén obrigadas a desprazarse para recibir atención pediátrica.

Comezan as obras de mellora en estradas autonómicas de Rábade

Comezaron as obras de mellora do firme na estrada LU-541 ao paso polos concellos de Vilalba, Rábade e Begonte, que suporán un investimento de máis de 145.000 euros.

Estas intervencións, que contribuirán a reforzar a seguridade viaria e a mellorar as prestacións da estrada, desenvolveranse ata o vindeiro día 19 de abril. Os traballos teñen como obxectivo a rehabilitación da capa de rodaxe nesta vía que comunica Rábade (A-6) e Vilalba (N-634).

Para iso acondicionárase o firme con formigón bituminoso nunha superficie aproximada de 12.000,00 m², entre os puntos quilométricos 0 e 17+250 da estrada autonómica, ao paso polos citados termos municipi-



pais. Unha vez finalizadas as obras de rehabilitación do firme, procederase á reposición das marcas viarias. Para a execución destes traballos habilítanse carrís alternativos de circulación e sinalización provisional de desvíos, cando é necesario.

A actuación acométese no marco do contrato de conservación ordinaria e vialidade invernal da zona norte de Lugo. De xeito máis concreto, forma parte da planificación da campaña de rehabilitación de firmes prevista para este ano.

Comezan os cursos de capacitación para concellos da Transición Xusta

As Pontes iniciou a formación para os despregados dos concellos afectados polo Convenio para a Transición Xusta, firmado polo peche da central de Endesa. Deben estar inscritos na Bolsa de Transición Xusta.

O proxecto despregarase en 14 municipios con relación a Endesa: 11 da provincia da Coruña (Cabanas, A Capela, Cerdido, Ferrol, Mañón, Moeche, Monfero, Ortigueira, As

Pontes, San Sadurniño e As Somozas) e tres concellos da provincia de Lugo (Muras, Vilalba e Xermade).

As Pontes iniciou en maio un ciclo de cinco cursos de capacitación para o desmantelamento de instalacións industriais, que consta de 200 horas cada un. A primeira convocatoria é entre o 6 de maio e o 28 de xuño, e as seguintes serán do 1 de xullo ao 8 de outubro (en agosto no hai), do

14 de outubro ao 10 de decembro e do 13 de xaneiro ao 13 de marzo. Serán 12 días de formación teórica e 23 de práctica. Para o primeiro caso haberá quendas de mañá e de tarde e as prácticas serán de 9.00 a 18.00 horas cunha hora de descanso ao mediodía. As persoas interesadas poñen enviar as súas solicitudes de emprego ás empresas formadoras ou ao Concello das Pontes.

CAMPUS TERRA DA USC EN LUGO:

A formación universitaria en Enxeñaría Agrícola

Por Rosa Romero Franco
Directora da EPS de Enxeñaría da USC

A relación entre Galicia e a titulación de Enxeñaría Técnica Agrícola conta cunha longa tradición dende que esta formación académica comezou a impartirse no curso 1967/68 no Campus de Lugo (Universidade de Santiago de Compostela). Esta andaina foi froito da iniciativa dun grupo de persoas vinculadas á Universidade de Santiago de Compostela, a provincia de Lugo e ao sector agroforestal que viron a importancia de dispor de técnicos formados para o desenvolvemento da sociedade.

Nos seus inicios a Escola Universitaria de Enxeñaría Técnica Agrícola (EUITA) de Lugo contaba unicamente coa especialidade de Explotacións Agropecuarias, pero dende o curso 1986/87 engadíronse á oferta académica as especialidades de Hortofruticultura e Xardinería, Industrias Agrarias e Alimentarias e Mecanización e Construcións Rurais, completando as catro especialidades posibles.

Dende o ano 1967 hasta os nosos días, a sociedade galega experimentou profundos cambios en todos os ámbitos. Si nos centramos na evolución do sector agrario, atopamos un panorama caracterizado por un crecemento da economía con cambios importantes que afectan singularmente á estrutura e natureza do sector primario. No medio rural galego aprecíase un descenso na produción de autoconsumo, a especialización gandeira orientada á produción cárnica e leiteira, un aproveitamento crecente dos recursos forestais e unha evolución favorable da industria

de transformación. A necesidade de incentivar a produción agraria e modernizar as técnicas aplicadas, unido ao descenso da poboación activa agraria, requiriu de un inxente esforzo técnico e a necesidade dun corpo especializado no ámbito da enxeñaría agraria. Neste contexto, a formación dos enxeñeiros técnicos agrícolas foi modificándose a través de diferentes plans de estudos para poder responder aos retos e necesidades do mercado laboral. Neste senso, a incorporación dos enxeñeiros técnicos agrícolas e forestais ás empresas e á administración pública resultaron claves no proceso de

Na actualidade a Enxeñaría Agrícola é unha titulación con excelentes índices de empregabilidade

desenvolvemento rural en Galicia. Coa reforma dos títulos universitarios, a consecuencia da entrada en vigor do Espazo Europeo de Educación Superior, no curso 2010/11 o título de Enxeñeiro Técnico, con 3 cursos académicos e nivel de diplomatura, pasa a ser o "Grao en Enxeñaría Agrícola e Agroalimentaria" con 4 cursos académicos e nivel de licenciatura; e o título de Enxeñeiro Agrónomo se transforma no "Máster en Enxeñaría Agronómica". O centro responsable da docencia da Enxeñaría Agrícola e Agroalimentaria é a Escola Politécnica Superior de Enxeñaría (Lugo) da Universidade de Santiago de

Compostela. Este centro universitario é un dos 8 que conforman o Campus Terra, un proxecto que busca a especialización do Campus de Lugo nos ámbitos de coñecemento vinculados á xestión do recurso TERRA mediante a investigación e a docencia universitaria.

O Grao en Enxeñaría Agrícola e Agroalimentaria é o único título que habilita para exercer a profesión regulada de Enxeñeiro Técnico Agrícola en calquera das 4 especialidades existentes no Sistema Universitario de España: "Explotacións Agropecuarias", "Hortofruticultura e Xardinería", "Industrias Agrarias e Alimentarias" e "Mecanización e Construcións Rurais", con todas as atribucións profesionais recoñecidas pola lexislación vixente ao cumprir co estipulado na Orde CIN/323/2009. Este grao é o que permite o acceso ao Máster Universitario en Enxeñaría Agronómica ou solicitar o acceso a calquera outro Máster.

Na actualidade a Enxeñaría Agrícola é unha titulación con excelentes índices de empregabilidade en empresas e industrias agrarias e agroalimentarias, consultoras de enxeñaría, proxectos, asistencias técnicas, xestión técnica, centrais hortofrutícolas e cooperativas agrarias, dirección de explotacións agrícolas e gandeiras, acceso a prazas do grupo A das administracións públicas do estado e autonómicas, exercicio libre da profesión, investigación en centros públicos ou privados, entre outras.

O título de Enxeñaría Agrícola e Agroalimentaria da USC impartido na EPS de Enxeñaría en Lugo está certificado polo Selo Internacional



de Calidade Eur-Ace®. Esta distinción de calidade é un certificado concedido por unha axencia autorizada pola European Network for the Accreditation of Engineering Education (ENAE) que avala que un programa formativo de Enxeñaría de nivel de Grado ou Máster cumpre os estándares internacionais, establecidos por persoas académicas e profesionais que colaboran con dita axencia. Segundo o indicador U-ranking, o grao en Enxeñaría Agrícola e Agroalimentaria ocupa a 3ª posición en España no grupo de enxeñarías agrícolas. U-Ranking compara mais de 3.600 graos oficiais de 71 universidades e ofrece información sobre notas de corte, prezos e inserción laboral das titulacións.

Tamén é moi importante a gran oferta de prácticas externas que a EPSE oferta para os estudantes en empresas, organismos e institucións, así como as posibilidades de mobilidade dos alumnos mediante convenios ERASMUS (no espazo da Unión Europea), SICUE (no Sistema Universitario de España) e Acordos bilaterais con numerosos países de todo o mundo.

Actualmente na EPS de Enxeñaría, ademais da Enxeñaría Agrícola e

Agroalimentaria, se imparten outros 4 graos oficiais universitarios vinculados directamente aos recursos agroforestais: "Enxeñaría Civil", "Enxeñaría Forestal e do Medio Natural", "Grao na Paisaxe" (xunto coa Universidade de A Coruña) e o grao en "Robótica" coa especialidade de Agrorobótica. Tamén se oferta a posibilidade de cursar en 5 anos e medio un Dobre Grao:

"Enxeñaría Agrícola e Agroalimentaria" e "Enxeñaría Forestal e do Medio Natural". Ademais, os nosos estudantes poden continuar a súa formación coa oferta de 5 Másteres Oficiais ("Dirección de Proxectos", "Enxeñaría Agronómica", "Enxeñaría de Montes", "Sistemas Aéreos Non Tripulados" e "Planificación e Xestión Territorial") ademais do Máster propio en Produción do Leite.

A formación en enxeñaría agrícola persegue, en definitiva, acompañar a sociedade galega na súa evolución social e económica permitindo un futuro competitivo no noso territorio e dotándonos de ferramentas que garantan unha continuidade nas nosas explotacións e agroindustrias facendo realidade a nosa vocación: a formación universitaria de calidade, a investigación e a transferencia de coñecemento.



LETRAS GALEGAS 2024

Luisa Villalta

Foi unha escritora prolífica e versátil, autora de poesía, narrativa, ensaios, pezas dramáticas, textos xornalísticos e tradutora

A Real Academia Galega escolleu a figura de Luísa Villalta o Día das Letras Galegas 2024. Luísa Villalta constitúe unha destacada representante da cultura galega contemporánea, tanto no ámbito musical como no literario; a súa obra abarca todos os xéneros (poesía, teatro, novela e ensaio literario) sempre dende unha perspectiva renovadora e orixinal. Ademais, foi coñecida polo seu grande activismo cultural, que de xeito constante e desinteresado levou a cabo en colaboración con diversas asociacións culturais, colectivos e proxectos de diversa índole. Luísa Villalta Gómez nace na Coruña no ano 1957, estuda na USC, onde se licencia en Filoloxía Galego-portuguesa e Hispánica. Era tamén titulada superior en violín, ou violino (como ela lle chamaba sempre ao seu instrumento). Formou parte da Xove Orquestra de Galicia e da Orquestra de Santiago de Compostela, así como doutros grupos de cámara. Foi unha escritora prolífica e versátil, autora de poesía, narrativa, ensaios, pezas dramáticas, textos xornalísticos e tradutora.

Paralelamente á súa traxectoria como autora, desenvolveu unha intensa actividade cultural. Participou en seminarios, recitais de poesía, deu conferencias e colaborou en numerosas publicacións periódicas, como Man Común, A Nosa Terra, Festa da Palabra Silenciada, Tempos Novos, Grial, Luzes de Galiza, Agália, Boletín Galego de Literatura, A Trabe de Ouro, Enclave, Páxina aberta etc Muller comprometida formou parte activa na AELG, no Foro da Cultura Galega, na Mesa pola Normalización Lingüística, etc. Foi militante do Bloque Nacionalista Galego.

A súa esencia persoal e creativa era unha fusión, unha dobre pertenza á música e á poesía. De feito o seu primeiro poemario, leva o título de *Música Reservada* (1991). Luísa fixo da Coruña o espello da súa obra, unha Cidade Alta reflectida no seu premiado libro *En Concreto* (Espiral Maior, 2004), no que atopamos un dos mellores epítetos para ela “cidade tatuada na petrea pel do mar”.

Postumamente, publicouse *Papagaio*, con fotografías de Maribel Longueira, obra que se adentra no famoso barrio de putas da cidade e recolle o desacougo vital das derradeiras habitantes. Porén a súa actividade literaria foi máis alá da poesía. Publicou tamén 3 textos narrativos e catro pezas teatrais, ademais de traducir varias pezas dramáticas do italiano. Tamén se ten revelado como asidua analista e intérprete da literatura nos libros ensaísticos *O don Hamlet de cunheiro: unha ecuación teatral* (1992) e *O outro lado da música, a poesía* (1999), no que traza unha orixinal visión da poesía galega desde o punto de vista da relación ancestral desta arte coa música. A morte chegou para Luísa dun modo inesperado, por causa dunha meninxite, o 6 de marzo de 2004. Tiña 46 anos e unha vida chea de proxectos. Repousa no cemiterio de Santo Amaro. Desde ese momento sucedéronse iniciativas que lembran o seu nome e o seu labor, tanto desde o IES Isaac Díaz Pardo de Sada—onde ela foi profesora—, como desde a Comunidade Universitaria e a Deputación da Coruña.



A celebración do 17 de maio

A Real Academia Galega o pleno extraordinario do Día das Letras Galegas que lle dedica á escritora Luísa Villalta. A sesión pública, de entrada libre ata completar a capacidade do recinto, terá lugar no Teatro Rosalía da cidade onde naceu e viviu, a Cidade Alta que tanta pegada deixou na súa obra poética ou noutros títulos. As alocucións sobre a vida e a obra da homenaxeada correrán a cargo das académicas Ana Romaní

e Margarita Ledo e do académico Euloxio R. Ruibal.

Para o público máis novo, a RAG ofrece primaveradasletras.gal, onde pode descargarse o conto *Violino, Inglesa e o libro xigante. Pequena biografía de Luísa Villalta*.

Xa no último cuadrimestre do ano, celebrárase o Simposio Luísa Villalta, que reunirá distintas voces que achegarán novas contribucións arredor da súa figura e do seu legado.

A OBRA

POESÍA

- *Música reservada*. Sada: Edición do Castro, 1991.
- *Ruído*. A Coruña: Espiral Maior, 1995.
- *Rota ao interior do ollo*. Lisboa: Edições Tema, 1995.
- *En concreto*. A Coruña: Espiral Maior, 2004.
- *O Papagaio*. Santiago de Compostela: Laiovento, 2006.
- *As palabras ingravidas*. Santiago de Compostela: Centro de Investigacións Lingüísticas e Literarias Ramón Piñeiro, 2020.
- *Pensar é escuro*. Poesía reunida (1991-2004). Vigo: Galaxia, 2023.

NARRATIVA

- *Silencio, ensaiamos*. A Coruña: Vía Láctea, 1991.
- *Teoría de xogos*. Santiago de Compostela: Edicións Laiovento, 1997.
- *As chaves do tempo*. Vigo: A Nosa Terra, 2001.
- *Narrativa reunida*. 1991-2001. Vigo: Xerais, 2024.

TEATRO

- *Concerto para un home só*, Cadernos da Escola Dramática Galega, nº 76. A Coruña, 1989.
- *O representante*, Cadernos da Escola Dramática Galega, nº 85. A Coruña, 1990.
- *O paseo das esfinges*, Cadernos da Escola Dramática Galega, nº 88. A Coruña, 1991.
- *Os dóces anos da guerra*, Revista Galega de Teatro, nº 29. Vigo, 2001
- *Sinfonía de escenas*: obra dramática completa de Luísa Villalta. A Coruña: Edicións Proscritas e A. C. Alexandre Bóveda, 2018.

ENSAIO

- *O Don Hamlet de Cunheiro: unha ecuación teatral*. Santiago de Compostela: Edicións Laiovento, 1992.
- *O Outro lado da música, a poesía: relación entre ambas artes na historia da literatura galega*. Vigo: A Nosa Terra, 1999. Vigo: Galaxia, 2021.
- *Libro das columnas*. Vigo: A nosa terra, 2005.

TRADUCIÓNS

- *Pasolini, Pier Paolo* (1994): *Manifesto por un novo teatro*. A Coruña: Cadernos da Escola Dramática Galega.
- *Macchiavelli, Niccolo* (1998): *A Mandrágora*. Santiago de Compostela: Laiovento.



Un programa permite facer a declaración da renda por videochamada

A subdelegada do Goberno en Lugo, Isabel Rodríguez, informou hoxe que os 13.750 veciños e veciñas dos concellos adheridos ao novo programa da Axencia Tributaria para realizar a declaración da renda por videochamada xa poden solicitar a súa cita. Esta iniciativa permitirá que 19 concellos lucenses de menos de 3.000 habitantes podan ofrecer a persoas de máis de 65 anos un servizo presencial nas casas consistoriais para presentar a súa declaración.

Isabel Rodríguez subliñou a vontade do Goberno para "achegar a Administración Xeral do Estado aos cidadáns, facilitando e prestando axuda ás persoas maiores nas súas xestións de modo presencial". Ademais, explicou que este novo servizo súmase aos existentes como a "Administración cerca de ti" ou o programa de carteiros rurais, ambos coa finalidade de que a veciñanza do rural, sobre todo a de maior idade, coñeza e teña a posibilidade de realizar trámites desde a súa localidade.

Os concellos lucenses que prestarán este servizo a partir do vindeiro 7 de maio son Abadín, Antas de Ulla, As Nogais, Baleira, Baralla, Begonte, Carballedo, Láncara, Navia de Suarna, O Incio, O Vicedo, Pantón, A Pobra do Brollón, Pol, Riotorto, Samos,

Sober, Trabada e Xermade.

A subdelegada do Goberno en Lugo agradeceu a predisposición destes concellos para participar nesta proposta pioneira da AEAT, proporcionando espazos para que os contribuíntes podan realizar as videochamadas. Polo momento, esta iniciativa atópase nunha primeira fase piloto, de xeito que máis concellos dos 158 que integran os chamados de Reto Demográfico en Galicia serán susceptibles de unirse tamén ao programa.

A cita para o servizo de confección de declaracións por videochamada poderá solicitarse a partir do 29 de abril, comezando o servizo como tal o 7 de maio. As peticións de cita poderán facerse nas respectivas casas consistoriais e a través da sede electrónica da Axencia Tributaria, xunto co resto de servizos de asesoramento que ofrece. No momento en que un veciño ou veciña destes concellos solicite cita para facer a declaración da renda, ofreceráse-lles facela a través de videochamada. Coa cita xa na man, tan só terán que achegarse ao concello para ser atendidos por persoal da Axencia Tributaria. Na mesma videochamada xa poderá deixar presentada a súa declaración.

Os propietarios forestais facturaron no 2023 máis de 102 millóns de euros



A Asociación Forestal de Galicia (AFG) celebrou a súa XXXVII Asemblea Xeral en Guitiriz, nun acto ó que acudiron propietarios forestais e representantes de comunidades de montes veciñais de toda Galicia. A asemblea serviu para facer balance da actividade da asociación no último ano, así como das liñas de traballo en marcha. Unha das principais cuestións que se abordou é o traballo que estn desenvolvendo para impulsar unha serie de agrupacións de xestión conxunta do monte. A creación das agrupacións é unha vía importante para mellorar a rendibilidade dos aproveitamentos, pois axuda a superar os problemas do minifundio.

A AFG comezou xa a apoiar a crea-

ción de arredor de dez proxectos de agrupacións de xestión conxunta nas catro provincias, en distintas fases, desde iniciativas en fase inicial a proxectos xa consolidados.

Entre os proxectos que se están poñendo en marcha figura en Lugo un en Momán (Xermade), xunto cun proxecto de consolidación da Sofor de Monte Cadedo (Meira). Por outra banda, o sector forestal confirma a súa estabilidade, pois tralo ciclo alcista de prezo, o mercado mantivo no 2023 as cifras medias de cortas. En Lugo, os propietarios superaron os 102 millóns de facturación, cunhas cortas de máis de 3,4 millóns de metros cúbicos de madeira, o que representa un 37% da madeira cortada en Galicia.

Veciños de Xermade, Muras e Guitiriz viaxarán gratis a Santiago o Día das Letras Galegas



Co gallo dos seus 40 anos, o Centro Dramático Galego facilita un autobús gratuito en varios concellos para acudir o venres 17 de maio ao teatro en Santiago de Compostela, a ver a representación de Os actos e as profecías. Cada persoa participante deberá aboar a entrada ó teatro, que terá un custo de 3 euros. Nesta caso compartirán o autobús os concellos de Xermade, Muras e Guitiriz. Previamente ó teatro, haberá tempo libre para gozar de Compostela.

O autobús sairá de Muras ás 10:00 horas e continuará recollendo en Xermade e Guitiriz. Está prevista a chegada a Santiago ás 12:00 horas, momento no que haberá tempo libre ata as 17:00, cando se fará a retirada de entradas no Salón Teatro. A representación está prevista para as 18:00 horas. Regresarase ás 20:30 horas.

TELÉFONOS DE INTERESE

ABADÍN

Concello: 982 50 80 21
Garda Civil: 982 50 80 11
Centro de Saúde: 982 50 81 22

A PASTORIZA

Concello: 982 33 21 97 / 982 33 21 60
Garda Civil: 982 34 90 20
Centro de Saúde: 982 33 21 41

AS PONTES

Concello: 981 45 31 16
Policia Local: 981 45 31 91
Garda Civil: 981 45 00 05
Centro de Saúde (cita previa): 981 45 12 51

BEGONTE

Concello: 982 39 61 43
Garda Civil: 982 39 80 08
Centro de Saúde: 982 39 69 02

CASTRO DE REI

Concello: 982 31 40 34 / 982 31 41 32
Garda Civil: 982 31 40 02
Centros de Saúde (cita previa): 982 21 10 18
Castro de Rei: 982 31 42 11
Ribeiras de Lea: 982 31 11 14

COSEPITO

Concello: 982 52 00 01 / 982 50 40 57
Garda Civil: 982 52 00 17
Centro de Saúde (cita previa): 982 52 01 20
Feira do Monte: 982 50 34 69
Consultorio de Muimenta: 982 50 40 57

FRIOL

Concello: 982 37 50 01
Garda Civil: 982 37 50 02
Centro de Saúde: 982 37 10 98
Cita Previa: 982 37 10 05

GUITIRIZ

Concello: 982 37 01 09 / 982 37 58 00
Garda Civil: 982 37 00 01
Centro de Saúde: 982 37 21 10
Parga P.A.C.: 982 37 05 00

MEIRA

Concello: 982 33 01 02
Garda Civil: 982 33 00 04
Centro de Saúde: 982 35 69 27
Cita previa: 982 33 02 40

MURAS

Concello: 982 50 00 01
Garda Civil: 982 50 00 20
Centro de Saúde: 982 50 01 23

OUTEIRO DE REI

Concello: 982 39 32 81 / 982 39 30 55
Garda Civil: 982 39 00 05
Ambulancia: 982 23 16 13
Centro de Saúde: 982 39 25 98
Cita previa: 982 39 32 67
P.A.C.: 982 39 34 00

POL

Concello: 982 34 50 29
Garda Civil: 982 33 00 04
Centro de Saúde: 982 34 59 20 / 982 34 53 76

RÁBADA

Concello: 982 39 00 62 / 982 39 00 52
Garda Civil: 982 39 00 05
Centro de Saúde: 982 39 01 01

RIORTORTO

Concello: 982 34 62 22
Garda Civil: 982 34 22 22
Centro de Saúde (cita previa): 982 34 66 63

VILALBA

Concello: 982 51 03 05 / 982 51 07 16
Policia Local: 982 51 07 67 / 608 08 00 50
Garda Civil: 982 51 03 07
Centro de Saúde (cita previa): 982 51 03 11

XERMADE

Concello: 982 50 10 01 / 982 50 20 03 / 982 50 10 27
Garda Civil: 982 50 10 08
Centro de Saúde: 982 50 11 34 / 982 50 10 55

📞 Teléfonos: www.terrachaxa.com



TELÉFONOS DE INTERESE

Emerxencias: 112
Urxencias Sanitarias: 061

Incendios Forestais: 085
Garda Civil: 062



TERRACHAXA

Para calquera suxestión, información ou comentario non dubide en poñerse en contacto con nós.

Teléfono 661 464 323

redaccion@terrachaxa.com

Edición: PORTAS COMUNICACIÓN S.L.
Dirección: Diego E. García Puente
Teléfonos: 661 464 323 - 673 903 924
E-mail: redaccion@terrachaxa.com
Impresión: Tameiga Publicacións S.L.
Dep. Legal: LU-517-03
ISSN 2660-4507

DEPORTES

Riotorto acollerá a final do mes de maio a segunda proba de trail

A localidade de Riotorto repetirá a ruta de trail que estreou o ano pasado e farano neste mes de maio. Co nome de II Trail Ruta dos Muíños celebrarase os días 25 e 26 de maio con tres probas diferenciadas.

Por unha banda, o sábado terá lugar unha andaina de 14 quilómetros, que arrancará ás 16.00 horas da praza das Rodrigas, onde tamén estará a meta. Esta andaina non terá fin competitivo pero será necesaria a inscrición. Ao rematar a andaina, no campo municipal da Veiga, os participantes disporán de duchas e serán convidados a aperitivos e bebida durante a celebración da Caca da vaca.

O domingo terán lugar ás dúas probas deportivas. Ás 9.30 horas sairá a proba de trail longo, de 27 quilómetros, nas categorías masculino e feminino a partir de 18 anos. Media hora despois sairá a proba máis curta, tamén para homes e mulleres a partir da maioría de idade e de 17 quilómetros.

Haberá trofeos para os tres primei-



ros clasificados das carreiras en veteranos e en sénior e haberá un premio especial para a persoa máis lonxeva que participe.

A inscrición debe realizarse a través da páxina galitiming e ten un custe agora de 21 euros para a andaina, 23 para o trail curto e 25 para o longo. Os participantes disporán de avituallamento de líquidos e no caso das carreiras tamén de sólido. Está organizada pola Asociación de Veciños da Ferreira e o Concello de Riotorto.

Troitas Bravas gaña o penúltimo aberto de billarda da tempada



Por Daniel Rodríguez Saavedra

Xogouse no campo de fútbol do Pichón de Muimenta a penúltima xornada da LNB conferencia NorLeste, o X aberto A Terra non se vende. Fortes e fríos refachos de nordés xogaron coas billarda e mais cos palanadores que tiveron que arrouparse como si de inverno se tratara.

Superouse a marca de palanadores acadando un total de 92. A mellor participación da tempada loitando contra o vento que nos acompañou toda a tarde.

O equipo de Troitas Bravas da Pontenova foi o vencedor seguido de Billardeiros Musicais de Ribadeo e de Madia Leva de Lugo. O podio absoluto foi para Morás (Madia Leva), Tejero (Billardeiros Musicais) e David Navallo de Troitas Bravas. En donas Geni e Dori (Billardeiros Musicais) dominaron seguidas de Delia (Billarda Rio Miño).

Os infantís Diego e Mateu (Madia Leva) non teñen rival, só Alba de Troitas Bravas puxo algo de resistencia sendo terceira.

O Pol logra o ascenso a Preferente e o Pastoricense á Primeira Galicia

O SD Pol logrou o ascenso a Preferente, dúas xornadas antes da final despois dunha gran tempada na que foi por diante na táboa practicamente desde o principio. O equipo polense obtivo 26 vitorias das 32 xornadas disputadas da Primeira Galicia ata o momento, ademais de 3 empates e derrotas e logrou a vantaxe suficiente para facerse co título.

Os seus perseguidores máis inmediatos, Escarión e Burela, están empatados a puntos e pelexan cos outros dous de Chantada, SD e Atlético, por facerse cos dous postos de play off. Mentres, na parte baixa, os tres descensos oficiais estarán entre Milagrosa, Riotorto, Guitiriz e Portomarin, aínda que non teñen tampouco asegurada a permanencia Guntín, Meira, e Xove Lago.

Para o Pol foi este un premio moi buscado despois dos reforzos realizados no equipo para esta tempada na procura do pase para a Preferente, liga na que están outros equipos da provincia, o Ribadeo, Lemos, Castro e Residencia e na que polo momento só o primeiro ten asegurada a permanencia e o último ocupa os postos de descenso, tamén a falta de dúas xornadas.

Ademais, ao día seguinte e cunha xornada de antelación, o UD Pastoricense celebrou por todo o alto o seu regreso á Primeira Galicia, logo que quedar campión do grupo de Segunda Norte e ocupar a única praza de ascenso directo.

O conxunto branco venceu con rotundidade á Comercial acadando un resultado de 4-0 e poder cantar o alirón unha semana antes do fin da competición.

Chégalle así o ascenso tras vencer en 23 dos 29 partidos celebrados na tempada, con 4 empates e dúas de-



rotas. Regresa así o equipo a unha categoría que tivo que deixar a tempada 2022/2023 debido aos malos resultados que o deixaron ao fondo da táboa. Finalmente, só foi necesario un ano para recuperar o seu lugar na primeira categoría do fútbol sénior afeccionado.

Por outra banda o Vilalbés B, que é terceiro, xogará os play off a partir do 18 de maio xunto a Iberia, Folgueiro e San Ciprián.

COPA. Tamén tivo lugar a fase de cuartos da Copa Deputación. No grupo de Preferente e Primeira os dous equipos chantadinos, o SD Chantada e o Chantada Atlético, pasaron moi axustados o filtro ante dous de categoría superior, o Lemos (2-1) e o Ribadeo (3-2), respectivamente. Os dous gañadores enfrontaranse entre eles na seguinte sesión. Ademais, o Escarión venceu tamén cun 1-2 ao

Santaballés e o Foz foi superior ao Milagrosa (2-0) e tamén estará nas semifinais, que terán lugar o día 26 deste mes, cando remate a Liga.

No grupo de Segunda e Terceira, que tamén xogaron a fase de cuartos, caeron os dous equipos que Terceira que sobreviviran ata o de agora. O Piringalla foi derrotado polo Candelaria na quenda de penaltis, despois de acabar 1-1. O Rubián, pola súa conta, caeu ante o Friol 1-3.

Ademais clasificaron dos dous equipos situados na parte alta das súas respectivas táboas de Liga, o Iberia, que superou amplamente á Comercial, por 5-1; e o Becerreá, que pasou por riba do Antas cun axustado 2-1. A seguinte sesión será Iberia-Candelaria e Becerreá-Friol.

Neste caso as semifinais serán a primeira fin de semana de xuño, xa que antes se xogarán os play off de Segunda.

O Cidade de Lugo organiza o Descenso Internacional do Miño

O Club Piragüismo Cidade de Lugo organiza un ano máis o Descenso Internacional Copa Miño. Trátase da regata máis antiga de Galicia, presente no calendario desde 1951. Será o vindeiro sábado 18 de maio, con saída en Rábade e meta na ponte romana de Lugo e conta cun percorrido de 17,5 quilómetros.

A proba está aberta a participantes de todas partes. As inscricións xa están abertas a través da web. É a segunda proba máis antiga das que

se celebran en España, despois do Descenso Internacional do Sella. Desde os seus comezos esta cita deportiva espertou un gran interese entre a cidadanía lucense, de forma que contribuíu enormemente á difusión e popularización deste deporte na cidade.

Pódese afirmar que a Copa Miño foi a chama na que se coceron as distintas xeracións do piragüismo de Lugo e que en parte, grazas á tradición, afección e categoría desta



proba, a cidade foi considerada durante décadas como un dos berces do piragüismo galego e nacional.

Rubén Gandoy gañou o V Slalom de Guitiriz Roteiro da Auga



O son do motor encheu este sábado o Campo da Feira de Guitiriz no V Slalom Concello de Guitiriz Gran Premio Roteiro da Auga, organizando conxuntamente polo Concello e a Escudería Scratch Fene, e que se desenvolveu durante toda a xornada. O podio da clasificación xeral da proba foi para Rubén Gandoy Piñeiro,

Antonio Amor Bustabad e Daniel Mellado García; mentres que o trofeo V Trofeo Feminino Xoldra-Pub Zeus foi para María Jose Chao Sánchez e Marta Loureiro Becerra. Pola súa parte, na categoría debutantes foron premiados Adrián Ínsua Fernández, Jesús Veiga Tenreiro e José Luis López Fontao.

O Castro FSF quedou fóra da Copa da Raíña



Non puido ser. Tanto Castro FSF como o Pescados Rubén Burela quedaron fóra da Copa Raíña na fase de cuartos, na que ámbolos dous non conseguiron gañar.

Na fase final da Copa da Raíña, que se celebraba en Alhaurín de la Torre, os dous equipos galegos enfrontáronse ao LBTL Futsal Alcantarilla e ao Atlético Navalcarnero, respectivamente.

O Castro FSF vivía un sono tras clasificarse para esta competición no primeiro ano na Primeira División. LBTL Futsal Alcantarilla e FSF Castro Bloques Cando enfrontáronse no primeiro encontro da tarde dos cuartos de final da Copa da Raíña. Desde os primeiros minutos viuse un encontro moi disputado no que LBTL Futsal Alcantarilla lograría o pase a semifinais tras impoñerse por 2 goles a 0.

XIMNASIA RÍTMICA



O pavillón municipal Eduardo Fernández Villamarín acolleu o Torneo Terra Chá Ximnasia Rítmica 2024 no que participaron oito escolas municipais (Guitiriz, Begonte, Vilalba, Castro de Rei, Cospeito, Outeiro de Rei, Castro Riberas de Lea e Rábade).

A loita vilalbesa segue colleitando medallas



La Nucia (Alicante) acolleu o Torneo Internacional Jóvenes Promesas que a Federación Española organiza dentro do calendario da United World Wrestling e no que os mellores loitadores das categorías previas á sénior teñen a oportunidade de enfrontarse a loitadores doutros países.

O deportista vilalbés Kevin Cuba puido loitar na xornada do sábado na categoría U17 alzándose co ouro en menos de 92 kg. Tras dominar a súa categoría déuselle a oportunidade de disputar a categoría U20 xa na xornada de domingo. Nesta categoría Kevin estivo lonxe de manter o nivel dos primeiros postos e tivo que conformarse co bronce tras gañar ao británico Joab Snyed e perder por superioridade ante Iago Fernández e Mikola Tolmachov.

SÉNIOR. O Club acadou tamén o primeiro posto por equipos na modalidade de libre olímpica nos campionatos galegos sénior que tiveron lugar no Pavillón do CGTD de Pontenedra.

Ramón Monasterio, en menos de 97 kg, e Catriel Pehuén, en menos de 125 kg, acadaron o ouro, dominando nas súas categorías; mentres que Xiao Seoane, en menos de 65 kg; Kevin Cuba, en menos de 97 kg; e Carlos Yobani, en menos de 74 kg, gañaron as pratas nas súas categorías.



Carlos competiu despois de 4 anos de parón e, con só dúas semanas de preparación, "demostrou que mantiña a superioridade na súa categoría", explicaron desde o club. Na clasificación xeral, que puntuaba as participacións conxuntas de Libre Olímpica, Grecorromana e Libre Feminina, o club acadou un meritorio 3º posto, tendo en conta que só participaron na modalidade de Libre Olímpica.

BASE. Na Fase Norte da Liga Galega de Deporte Base de Loita, que tivo lugar en Vila de Cruces acadou o club vilalbés acadou o segundo posto.

Nesta fase participaron máis de 200 nenas e nenos de entre 5 e 13 anos en equipos mixtos pertencentes a 7 clubs. O vilalbés foi un dos máis numerosos rematando en segunda posición por detrás da Escola Ayude de Santiso, e co Keltoi de Vila de Cruces, que quedou terceiro.

O Trail das Bestas de Muras abre o prazo de inscrición

O Trail das Bestas de Muras confirmou xa a súa próxima celebración, que terá lugar o 7 de xullo na Serra do Xistral, na que é a súa sétima edición. Xa está aberto o prazo de inscrición, que pode facerse, como sempre na propia web do evento. Pero, este ano, esta dura proba de resistencia, será tamén sede do Campionato de Galicia de Trail Running na distancia maratón.

A maiores disputaranse todas as modalidades clásicas do Trail das Bestas, sendo puntuables para o Ránking Galego de Trail Running G1 as cate-

gorías Maratón (Campionato de Galicia), Classic (27k), Preclassic (12k) e a andaina na Serra do Xistral.

O evento contará con premios directos e sorteos do patrocinador do circuito, Lurbel así como unha gran cantidade de actividades para adultos e pequenos.

O Trail das Bestas, que ten experimentando un importante impulso nos últimos anos, xa é unha cita obrigada para estes atletas. O ano pasado participaron 250 deportistas nas diferentes categorías e estrearon itinerario.

EN BREVE

FÚTBOL. A Asociación de Veciños de Santiago de Sancovade organizou a segunda edición do torneo de fútbol para afeccionados do Deportivo, Celta, Real Madrid e Barcelona para o 25 de maio. Están convocados todos os seareiros e seareiras que disputarán dúas semifinais. A primeira será ás 12.00 horas. Poderán ser equipos mixtos e cada partido terá unha hora de duración con 15 minutos de descanso. A organización ten previstos uns petiscos para rematar a xornada.

FÚTBOL SALA. O Grupo Forma-T Vilalba FS feminino abre as súas portas as próximas semanas para que aquelas nenas e mulleres a partir de 12 anos que desexen coñecer o club podan participar nos adestramentos. A intención é poder seguir sumando xogadoras aos distintos equipos femininos do club. Así para aquelas entre 12 e 16 anos, as sesións serán os luns de 20.45 a 22.00 no pavillón Municipal, e os xoves de 19.00 a 20.30 no Insua Bermúdez. Para as maiores as sesións serán os mércores de 20.30 a 22.00 e os venres de 19.30 a 21.00 no instituto.

PÁDEL. A Asociación de Empresarios e Comerciantes da Pastoriza, Asapa, vén de convocar o II Torneo de Pádel A Pastoriza, que se desenvolverá os días 21, 22 e 23 de xuño na pista de pádel da localidade, ao carón do pavillón de deportes. O prazo de inscrición non está aberto pero a organización seguirá as normas da primeira sesión, na que houbo dúas categorías, masculina e feminina e unha limitación de 12 parellas en cada unha.

BTT. O Club Ciclista Terra Chá repetirá a Quedada BTT de Muras, que se celebra na súa VI edición o sábado 25, coincidindo coa Romaxe Artesá da Chaira. Trátase dunha proba que constará de 30 quilómetros con 900 metros de desnivel positivo. O percorrido realizarase pola contorna e hai un máximo de 50 prazas. Ten un prezo de 10 euros, que subirá a 23 para aqueles que queiran participar no xantar. O acompañante que desexe sumarse á comida pode facelo por 18 euros. As inscricións deben facerse na web ccnorte.com. Habrá avituallamento e duchas.

CARREIRA. Cospeito acollerá o día 19 de maio a terceira edición da Carreira Popular. O prazo de inscricións está aberto ata o 15 de maio e os interesados poden anotarse en www.carreirasgalegas.com. Habrá unha proba absoluta, cuxo circuito de 10 quilómetros arrincarás ás 11.00 horas da casa do Concello e discorrerá por vías asfaltadas e de terra, a meta será no campo da feira de Feira do Monte. Os máis pequenos completarán tres diferentes percorridos en Feira do Monte, a partir das 12.30 horas, 150, 600 e 1.500 metros.

DE RUTA EN RUTA

Riotorto: Ruta das Fontes e dos Regos

Foi trazada polos veciños de Santa Comba da Órrea e permite coñecer esta parroquia situada na serra de Meira

Trátase dunha ruta trazada e acondicionada pola Asociación de Veciños da parroquia de Santa Comba da Órrea do concello de Riotorto. O itinerario, composto polo conxunto de fontes e regos da aldea, permite coñecer este pequeno núcleo poboacional situado na serra de Meira e gozar dunha paisaxe típica do noso rural. Ao longo do itinerario pódese apreciar a relevancia que tivo a auga na vida cotiá deste lugar, na que a veciñanza se encargou de sinalizar a viaxe e colocar indicadores para dar a coñecer o nome dos puntos da ruta.

O percorrido comeza a carón da igrexa parroquial, un sinxelo templo de orixe medieval que conserva a súa nave inicial. As reformas ao longo dos séculos déronlle a súa configuración actual na que destaca o pórtico a espadana das campás e a capela maior. Outro dos restos da construción son os capiteis do arco triunfal decorado con decoración vexetal.

A viaxe comeza na Eirexa para



seguir por un camiño asfaltado, pasando pola Roxiña, ata a Fonte do Valquente, a primeira da ruta ao tempo que distintas especies de árbores autóctonas acompañan ao camiñante. Desde este punto continuamos ata o Rego dos Corvos

Deixamos atrás a estrada, aínda que podemos aproveitar para disfrutar das vistas ao lonxe e achegámonos por un ancho sendeiro ata a aldea da Casanova. A ruta segue en ascenso ata Fonte do Rego para chegar ás Selas, onde poderemos contemplar



localidades encadradas no concello da Pontenova como Beche ou Xudán.

Se continuamos avanzando chegaremos ata o río Mourín, cruzamos a ponte do pola súa marxe esquerda mentres o verde segue a ser un gran protagonista dunha

paisaxe idílica. Chégase á Fonte da Casanova, dende onde comezará o ascenso que pasará polo Rego do Xardel e o Rego do Val e a Fonte da Órrea. Remataremos ruta circular novamente na Eirexa despois de pasar o río de Covas pola ponte da Órrea.



DATOS



2 horas



6 quilómetros



Dificultade media



CAP

TODOS LOS MESES

Formación Bonificada

- Curso obtención Tarjeta Profesional de la Construcción
- Curso Operador de Carretillas
- Curso Manipulador de Alimentos



formación integral de empresas

- Curso Fitosanitarios
- Curso Bienestar Animal
- Cursos sector eólico, sector telecomunicaciones
- Curso sector Maderista

Pol. Sete Pontes - Rúa do Acivro, 59 Vilalba, Lugo
alfonso@grupoforma-t.es - www.grupoforma-t.es
Telf.: 982 51 36 05

Cursos y Certificados

